

# ENTRAMBAS AUGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 23 • Primavera-Brao 2006 • 1,5 €



**HISTORIA ENLATADA:  
AYER Y HOI DAS CONSERVEIRAS TAPIEGAS**

**MATRIX**

**POR TERRAS TARAMUNDESAS:  
D'OURIA A TARAMUNDI**

**ALONSO, MÚSICA  
NA PANERA DE VILLAR**



- 3 *Hestoria enlatada. Ayer y boi das conserveiras tapiegas*  
TANIA CASCU DO LOZA
- 9 *Das propiedades máxico-melecieiras del llobo*  
ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA
- 12 *Matrix*  
IVÁN IGLESIAS «CAZARÓN»
- 15 *Por terras taramundesas: d'Ouria a Taramundi*  
RAFAEL CASCU DO NOCEDA
- 19 *El Grupo de Coros y Danzas de Tapia (1954-1957)*  
FÉLIX MARTÍN MARTÍNEZ
- 20 *Navia, na primeira mitá del siglo XX*  
M<sup>a</sup> ÁNGELES RODRÍGUEZ MONTAÑÉS
- 22 *As ruinas da intelixencia*  
RICARDO SAAVEDRA FERNÁNDEZ-COMBARRO
- 24 *Alonso, música na panera de Villar*  
MARTÍN PÉREZ ÁLVAREZ
- 23 *El Canal dos Moros*  
EVERARDO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
- 24 *¡Taréi féndome veyo!*  
ESTEBAN NOGUEIRO FERNÁNDEZ
- 25 AXENDA
- 30 EL ARCO DA VEYA
- 32 EL HOUCHA  
*Ana Vior Díaz, unha poetisa de Lantoiira*  
EVA RICO VENTOSO



El porto de Navia (c. 1930)

Edita  
Academia de la Llingua Asturiana  
Secretaría Llingüística del Navia-Eo

Colaboran  
Tania Cascudo Loza  
Alberto Álvarez Peña  
Iván Iglesias «Cazarón»  
Rafael Cascudo Noceda  
Félix Martín Martínez  
M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Montañés  
Ricardo Saavedra Fernández-Combarro  
Martín Pérez Álvarez  
Everardo Fernández González  
Esteban Nogueiro Fernández  
Eva Rico Ventoso  
Rafael López Cancio

Correo y colaboracióis  
Academia de la Llingua Asturiana  
Apartao Correos-574  
33080-UVIÉU  
Tífono.: 98 521 1837 • Fax: 98 522 6816  
alla@asturnet.es  
www.academiadelalingua.com

Diseño  
Ástur Paredes & Entrambasaguas

Imprime  
Gráfinsa • Uviéu  
Tífono.: 985 271 598

Depósito Llegal  
AS-2103/96

I.S.S.N.  
1137-165 X

ENTRAMBAS AUGUAS nun se fai responsable das opinións expresadas polos sous colaboradores

Se che falta dalgún número pra completar a colección d'Entrambasaguas, pódesho pedir al precio avezao (n<sup>os</sup> 1-13: 0,90 Euros / n<sup>os</sup> 14-23: 1,5 Euros), máis os gatos d'envío, al apartao de correos 574 (33080 - Uviéu) ou á dirección de correo electrónico [alla@asturnet.es](mailto:alla@asturnet.es)



Academia de la Llingua Asturiana,  
Apartao 574, 33080-Uviéu  
Fax: (98) 522 6816

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 € (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome \_\_\_\_\_

Apellidos \_\_\_\_\_

Dirección \_\_\_\_\_

Código Postal \_\_\_\_\_ Lugar \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_ Fecha \_\_\_\_\_  
firma

## ENTRAMBAS AUGUAS

Pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Llibreiría Manuel López, Llibreiría Ar-te) **Castropol** (Ardura), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), **Bual** (Llibreiría Pablo), **O Chao** (A Farrapa) y nas principales llibreirías d'**Uviéu**, **Xixón** y **Avilés**.

# HESTORIA ENLATADA



## *Ayer y hoi das conserveiras tapiegas*

↓ Tania Cascudo Loza

*Hai anos Tapia era un fervedoiro de barcos, nun continuo ir y vir de pesca pra dar servizo ás numerosas fábricas conserveiras que taban asentadas na vila. Eran tempos de fame y trabayo, pero tamén de risas y anécdotas qu'hoi guardan con mimo os que viviron aquela época. Sólo a fábrica d'Albo recoye el testigo d'aquelos anos y a ela sumáanse outros tres produtores artesanos que s'esforzan por ferse un furaco nel mercao da conserva.*

Entre papeles, documentos y fotos veyas é fácil atopar a Diego Fernández, máis conocido como *Diego de Servando*. É sobre todo y ante todo un home namorao de Tapia y da súa historia, ésa qu'atesoura na súa casa de Veiga onde se poden atopar entre outras moitas cousas as escasas vinte fotos qu'hai recoyidas sobre as fábricas de conservas tapiegas.

Nel ano 92 empezou a interesante iniciativa que despós completou col sou amigo y editor, Camilo López. Esa investigación levóulos a publicar tres completos y interesantes libros sobre a historia del conxecto a través das súas cayes y parroquias. Nesos to-

mos recóyese de forma paralela el única historia escrita da conserva tapiega qu'esiste, úa industria que xenerou riqueza na vila y que se convirtiu cuase nun modo de vida pra moita xente vinculada al mar.

### Anos de tradición

Na década de 1860 instalouse a primeira fábrica conserveira en Tapia, conocida alí como *a Casa da Fábrica*. Os pioneiros foron Fernando y Manuel Pérez Casariego, sobríos del Marqués de Casariego. A chamada *Fábrica de Conservas alimenticias de F. Pé-*



En 1929 a familia Bravo instálase en Tapia y abre a conserveira que deu trabayo a moitos tapiegos

rez Casariego funciona á perfección hasta el sou peche en 1900. Entoncias, as fábricas empezaron a proliferar nel entorno del portín tapiego ubicándose en dúas zonas: cerca del ilesia de San Martín, espacio escoyido por Álvarez Cascos, Albo, El Colaso y Perán-Terín; y arrimadas á Fonte Nova, unde s'asentaron Bravo y Venecia.

Foi en 1930 condo el tapiego Leonardo Álvarez-Cascos y Garrido empeza as xestioís pra construír a segunda conserveira, qu'alquila en 1932 al italiano José Allejo. Hasta 1935 trabayóu Allejo pola conserva tapiega, sendo ún dos impulsores da entrada da popular conserveira Albo al arrendarye el sou local.

En 1939 Albo empeza á construcción da nova fábrica, que nun acaba hasta 1941. Nun primeiro momento elabora bonito y bocarte acarrexao dende el muelle por úas trenta personas y baxo as órdenes de Paquita d'Higinio. Lo máis orixinal era el sistema de pago: por cada viaxe hasta a fábrica, Paquita dábayes úa chapa y al final pagábayes según el número de chapas que tuveran.

As visitas d'empresarios italianos en busca de bocarte prás súas conserveiras d'anchoa eran

constantes y habituales. En vista del negocio, Leonardo Pérez decide construír úa nave pr'arrendar y unde anos despós s'instala a popular conserveira Dolores Bravo e Hijos que col tempo construye a súa propia fábrica, que funciona hasta 1960.

En 1940 creáanse dúas novas fábricas: *Conservas Perán* y *Conservas Venecia*. Ésta última nun tía maquinaria al xeito polo que preparaba el peixe y mandábalo envasar fora. Venecia foi a primeira en pechar, aló pol ano 1957. El rumbo de *Conservas Perán* foi mui distinto y convírtese núa empresa importante con presencia tanto en Tapia como na localidá coruñesa de Cambados. En 1942 a fábrica pasa a chamarse *Conservas Terín* y entra nel sou miyor momento.

Compra el sou propio barco, el «Terín», y convírtese na principal empresa tapiega con máis de 100 contrataos.

Cunta el actual encargao d'Albo, Paquito García, que *Terín* foi úa gran fábrica y que cuntaba con úa forte distribución con puntos de venta en todo el país. «Ademáis descubríñ úa cousa que mui pouca xente sabe, y é que *Terín* tuvo a punto de fer fabada». Esplica García qu'antias de sacar un novo envase fíase úa



Os carrexadores que levaban el peixe hasta as fábricas, núa pouxa nel trabayo

litografía, úa chapa pra saber cómo iba ser. Pos ben, a él déronye por casualidá úa d'estas chapas. Así y todo, as cousas xa iban mal y en 1968 *Conservas Terín* pecha as portas. Según Paquito, el peche de *Terín* foi mui traumático pra Tapia.

Zarradas *Terín* y *Bravo*, dúas das fábricas máis importantes, ponse fin a úa etapa d'esplendor da que nos dice Diego de Servando que se «podía pasar de barco en barco dende a punta del muelle al Muelle del Rocín». Añade Paquito García qu'el fondo del porto acababa sendo de color branco por todo el peixe sobrannte que se tiraba al mar. «Algo mui raro se pensamos qu'erán tempos de fame, pero nun se pensaba nese peixe como comida». El uso das cámaras frigoríficas y el descenso da pesca enmudecen el pequeno porto tapiego del que xa nunca máis se verían salir carreyadas de peixe camín das fábricas. Estas son as dúas causas citadas como motivadoras del fin del esplendor conserveiro tapiego, qu'emprende a partir d'ese momento úa nova etapa con *Albo* como único estandarte da conserva tapiega.

### A conserva nel siglo XXI

En 1960, con Martín Carrasco al frente da factoría de Tapia, a firma *Albo* decide especializar as súas fábricas como remedio da crisis qu'afectaba al sector. Á fábrica tapiega tócouye ocuparse dos pratos precocinaos y abandonar a conserva de peixe. Con Carrasco d'encargao, entra a trabayar na oficina Paquito García, pra despós sustituílo nel posto. 45 anos trabayando en *Albo* permiten a García falar d'úa trayectoria en ascenso que sitúa a fábrica nun momento «francamente mui bon», a lo qu'amece que «afortunadamente optóuse por esta vía y a fábrica sobrevivió».

Os cambeos da fábrica nóntanse a primeira vista, xa qu'hoi é toda d'aceiro inosidable y «podería decirse qu'é como úa gran cocía». Lo que si defende García é que «aunque el sistema de producción é industrial, son pratos naturales; así, por exemplo, os cayos límpianse a mao». As máquinas, como pasa sempre, restaron trabayo manual y mentras antias «trabayaban



*Un día de trabayo nas modernas instalacións da fábrica tapiega d'Albo*



FOTO: JUANNA

*Os arizos empácanse nun lento trabayo manual*

úas 60 personas, hoi somos menos da mitá (22 empreaos) y producimos máis qu'antías».

De Tapia salen pratos preparaos como fabada, cayos á madrileña, cayos con garabanzos, caldo, salpicón de bonito, patés y paella. Cuenta García qu'os bus resultaos fain qu'a fabada seña, despós del bonito, el segundo producto máis importante d'*Albo* y que, ademáis, ten paradoxicamente Canarias como el destino de máis consumo. Y postos a falar de destinos a máis d'ún sorprenderáye saber qu'os xaponeses baban pola paella d'*Albo*.

A pesar dos 45 anos de duro trabayo y a punto de xubilarse, García adviase como un home feliz y satisfeito, apasionao por un sector que vive un bon momento empuxao polos cambeos de vida y úa sociedade na qu'el trabayo y as présas conducen á xente a confiar na conserva pra resolver a comida de cadaldía.

### As pequenas empresas *delicatessen*

Condo Verardo Fernández (Verardo del Súcaro) empezóu a salir al mar col «Ramona López», era el neno da tripulación y nun esqueice que sempre lo mandaban a *Albo* por chicharro cocido pra comer. Acórdase con especial cariño y quedóuye a sensación de que ye regalaban a comida posto qu'él nun era el encargao de fer os pagos. «Nunca pasábamos fame y eso era algo que me chamaba lamar el atención». Quén ye iba dicir que col paso dos anos chegaría a ter a súa propia conserveira.

Aquel neno medróu y convertiuse en patrón de barco, el «Entreislas», que, desde se vendéu, xeneróu el capital pra poñer en marcha a fábrica de conservas del mesmo nome. Hai cinco anos, nel 2001, Verardo empezóu esta aventura empresarial y agora, nel 2006, empeza a saborear os meles del éxito.

«Tapia puido ter úa gran industria conserveira, pero decidió apostar pol turismo y quedouse atrás»,



FOTO: JUANMA

Ún dos produtos de máis éxito das conservas d'Entreislas son os arizos

confesa sin pelos na lingua. El precio dos solares subiu como el espuma y eso foi ún dos motivos polos qu'Entreislas se convirtiu núa empresa atípica: comercializa os sous produtos col nome de Tapias, pero as súas instalacións tán en Valdepareas, nel conceyo del Franco. Ten claro qu'el nome de Tapias vende y que dá búa imaxe pola tradición de porto marineiro y a tradición conserveira, y por eso nun quer renunciar a él.

Mira con seña al pasao y señala que «foi úa pena que se perdera a conserva tapiega, pero as carreteras eran infames y traer a pesca del Cantábrico era complicao, nun había mantemento y el transporte nun taba preparao pra traer el pexe en búas condicións». Amece Everardo que «el turismo xenerou postos de trabayo que salían das fábricas y a xente quixo miyor trabayar na hosteleiría ou na construción».

Peró un ano antias que Verardo, Emiliano Álvarez tamén decidiu probar sorte nel campo da conserva y abriu *El Viejo Pescador*. De familia de marneiros, foi súa madre, Inés, a que ye enseñou os secretos das conservas de bonito y anchoa y un método de trabayo qu'a día d'hoi sigue usando. Esa tradición foi a que levou a este administrativo de 49 anos a iniciar úa aventura en solitario que, aunque ten altibaxos, ofréceye muitas satisfaccións.

## Tempos novos

A conserva xa nun é lo qu'era ou, alomenos, a que Verardo trabaya cos 21 empreaos qu'hoi ten *Entreislas*. «Tratamos d'ocupar un espacio de *delicatessen* y competimos nel mercao ofrecendo un produto de calidá», afirma. Productos de *gourmet* qu'hoi ocupan un posto nos liniales d'importantes firmas como El Corte Inglés ou Alimerka y que permiten que conservas *made in Tapias* teñan un furaco en Madrid, Barcelona, Sevilla, Baleares, Canarias ou

incluso en países como Italia, México ou Bélxica. «Lo importante é salir, darse a conocer y tar presentes en ferias pr'abrir mercaos», explica Fernández. Nesta coincide Emiliano, a lo qu'amece que pra elo fai falta infraestructura y muitas veces nun ten tempo pra todo.

Fabas con centolo á sidra, fabas con pulpo, garabanzos con bacalao y algas, caviar d'arizos, atún, bonito, anchoas, marmitaco... Úa linia de productos listos pra comer que gustan y convencen. Úa linia nova de trabayo que, col axuda del maestro pasteiro Miguel Sierra, ta introducindo

úa gama de productos con algas que chaman el atención al tempo que dan bus resultaos. «Abres a lata y sintes que tas cerca del mar: é úa mezcra d'aromas bárbara», asegura Everardo. De todos os xei-



### PATÉS PRA GOURMETS

Outra conserva, quizáis menos conocida, pero non por eso menos importante, é a que se fabrica nas cocías del restaurante «Palermo» de Tapia. El sou amo, Alfonso Santiago, decidiu incluír na súa carta el *mousse* de paté al oporto nel ano 1998 y, en vistas del éxito que tía entre a súa clientela, al outro ano empezou a envasalo.

Despós del *mousse* de paté al oporto veiron outras variedades como el *bloc* de curro con cachíos, a suprema d'ave, el paté de morciya y, despós, as guarnicións dulces, a cebola confitada asturiana y a compota de chourizo. «Normalmente femos úas 3.000 unidades de cada referencia por ano», indica el hosteleiro.

Explica Alfonso Santiago que cuase toda a súa produción véndese en España, anque tamén «pode atoparse en Portugal, México y Andorra». A corto y longo prazo os sous obxetivos céntranse en seguir trabayando a linia *gourmet*, unde «el producto xa ten un furadín nel mercado». Pra máis información, pódese visitar [www.palermo-gourmet.com](http://www.palermo-gourmet.com).

tos, el producto rei é el salpicón. «Pra lograr el salpicón que vendemos agora *cascamos* máis de cuatro millóis das antigas pesetas».

Pola súa parte, *El Viejo Pescador* produce 10.000 kilos de bonito al ano que compra nos portos d'Avilés, Veiga ou Burela. El máis del producto elaborao véndelo en Asturias, anque calcula qu'un vente por cento sale fora.



Emiliano delante da súa fábrica de conservas nel polígono de Mántaras



FOTO: JUANNA

## A calidá, el secreto del éxito

El problema é qu'el producto de calidá é máis caro. Así y todo, Emiliano asegura qu'a mentalidá da xente ta mudando y xa se dan conta de qu'el producto é mais caro qu'el convencional porque ta feito de forma artesanal.

Verardo péchase na súa cocía —«sempre me gustóu muito cocinar, venme de familia»— y experimenta, de forma autodidacta, productos novos que lougo dá a probar al sou personal. Entre risas comenta: «dígoyes que xa sei que nun yes pago por eso, pero...». Tras a cata evalúan el producto y condo cren qu'alcanza un bon nivel poun en marcha el proceso prá súa posterior comercialización.

Nesa búsqueda de calidá y control acaban de poñer en marcha un departamento d'investigación que controla todo el proceso «dende qu'entra el producto fresco hasta que sale envasao da fábrica». Verardo, propietario y xefe de produción d'*Entreislas*, confesa ser un home trabayador y con muito amor propio. «A mín os cuartos nun me dicen nada; dícame el ter éxito, el conseguir lo que persigues y polo que trabayas». Hoi en día poñer en marcha úa empresa como esta «é de valentes porque xa os precios dos solares tán polas nubes, pero se sale ben é rentable».

«¿Por qué ta ben visto que nos restauráis che dían espárragos de lata y en cambio nun é búa señal que che dían fabada de lata?», é algo que se pregunta Paquito, el encargao d'*Albo*, y asegura qu'hai que trabayar pra qu'a xente confíe na conserva porque é un producto que «ten futuro». García explica qu'houbó un momento de declive pero qu'agora as conservas viven un bon momento. Lo que queda por delante é trabayo y máis trabayo pra que Tapia siga viaxando en conserva por todo el mundo y por muitos anos.

## ÚA VIDA EN ALBO

«Antias el trabayo si qu'era duro, nun había horarios y ás veces tías que levantarte ás tres da mañá pra ir descargar un barco», confesa Ramón Vega, por todos conocido como *Mon*. Con 17 anos entrou a trabayar como fogoneiro na caldeira da fábrica d'*Albo* de Tapia, na mesma fábrica na que se retirou hai 16 anos. Fala d'úa época difícil de muito trabayo y fame, pero da que tamén recorda anécdotas y bus momentos.

*Mon* nacéu en L'Arena hai 80 anos y toda a súa familia ta vinculada á empresa *Albo*. «Pódese dicir que meu bolo Casimiro foi el primeiro obreiro da primeira fábrica en Santoña, y por eso anos máis tarde fundou a de Candás y a de L'Arena; era como da casa», cunta con orguyo. Y é que *Mon* é a terceira xeneración de trabayadores d'*Albo* pos sou padre, Antonio, foi encargao da fábrica tapiega muitos anos. «Eso nun era búa cousa, porque tanto a min como a meu ermao, que trabayábamos con él, cayíannos todas as broncas», dice con señardá.

### El día a día na fábrica

El trabayo na fábrica dependía da temporada del ano. «El chicharrón era lo primeiro del ano, xa empezabas en decembre así que tías qu'esqueicerte das Navidades porque el pescao nun esperaba y había que trabayar todos os días, y a temporada acababa en febreiro», a lo qu'amece que «como nun había conxeladores había qu'amañar el pexe condo chegaba foran as seis da tarde ou as tres da mañá». «Iguale che daban un aviso de qu'ás once da noite chegaba un camión de Celeiro; entoncias había qu'andar por todas as casas da vila chamando ás mueres, y xa nun eran horas». *Mon* asegura qu'había xornadas mui agotadoras nas que chegaron a ter qu'amañar 23.000 kilos nun día.

Condo entraba el pexe na fábrica as mueres formaban uá cadía de tal xeito que ye cortaban a cabeza y el rabo, sacábanye a tripa y lavábanlo. Despós iban colocándolo pol tarrén y, condo acababan, empezaba el labor de *Mon* y de sou ermao, pos tían que salalo pouco a pouco col axuda d'úa pala. «Pensa qu'a mitá da fábrica taba chía de chicharrón y chegaba a úa altura d'un cuarto de metro, polo qu'había qu'ir movéndolo pra qu'el sal chegara a todos», explica con paciencia. Al outro día chegaban as mueres y volvían la-




valo pra pasalo despós ás parrillas unde *Mon* atendía que quedara ben cocido. Condo acababa había que fritilo porque se vendía en escabeche. Al final, de novo entraban as mueres, qu'iban *empacando* el producto nas latas.

Peró neste proceso tan simple de cuntar había muita xeira y sobre todo muitas horas de trabayo manual, lento y agotador. «Pensa qu'era inverno y el pescao taba mui frío, as mueres acababan cuas maos en gabuñóis. Pra encima botaban lamar de sangre; por eso, ademáis de cos mandiles, envolvíanse con sacos pra nun acabar empapadas en sangre». Asegura *Mon* que ye gustaría ver a muchos trabayando nas condicións nas que lo fían ellos antias.

En primavera, de marzo a xunio, era el tempo del bocarte pra fer el anchoa. «Limpiábase a mao y daba mucho trabayo, pero, eso si, nun había outra anchoa como a d'*Albo*, porque a qu'atopas agora nas tendas é mala y ta mal limpiada». Asegura ademáis qu'antias el producto era mucho máis arrogante: «Antias nas latas pequenas d'anchoa, como nas qu'hoi traen seis, metíanse sobre veinte pezas».

Tamén recorda *Mon* qu'eran os anos da fame y que, claro, «as mueres ás veces comían el pexe. Meu padre nun yes quitaba, pero reñíayes condo sólo comían un cacho y deixaban restos». Había fame y lo pouco que cobraban tían que administrarlo ben. «Acórdome que condo empecín na fábrica cobraba sete pesetas al día, pero lo malo é qu'un paquete de tabaco del estraperlo costaba lo mesmo». Acórdase entre sonrisas das aventuras de dous probes da zona, *El Esquilón* y *Napoleón*, que baxaban á fábrica por comida y reñían entre ellos por ver quén entraba.

Y despós del bocarte vía el bonito, que solían pescar barcos de Tapia. Y por eso dice *Mon* que pecharon as fábricas, porque empezou a nun haber pescao y a nun vir barcos a Tapia. *Albo* sobrevivió, pero esa xa é outra hestoria. 



# Das propiedades máxico melecieiras del llobo

↓ Alberto Álvarez Peña

*El llobo é, quizabes, ún dos animais que máis asusta á xente del medio rural, pero é tamén admirao y, a un tempo, orixe d'abondos contos y tradicións: dende as bestorias d'homes llobos, malditos por sous padres por comer carne na Coresma, os llobos-meigos —xente que se volvía llobo a voluntá pra matar el gao dos vecíos—, a os contos de Xuan y Maruxa, llobo y raposa, pasando pol tema tradicional del gaitero que ten que tocar toda a noite, camín da casa, pra escorrer os llobos que ye salen al paso... Todo esto danos úa idea da riqueza d'este tema.*

**P**eró agora imos ocuparnos d'outro aspecto del llobo: as poutas, queiros y outras partes del sou corpo usábanse d'un xeito máxico na melecia tradicional. É el caso del que chaman *mal da gota* ou *gota coral*, nome col que se conocen os ataques epilépticos y pra os que s'avezaba a usar el corazón del llobo como remedio:

«De noite, el corazón del llobo dicían qu'hinchaba, porque é máis valiente de noite que de día. Usaban a cinza del corazón del llobo pral mal da gota, que chamaban. Había que tomallo entre augua» (cuntao por Alejandro Anes Suárez, 72 anos, A Sella, As Mestas, Cuaña, 2-8-1999). «Había eiquí en Tormaleo úa moza que padecía del mal da gota, ya dicían qu'iba ben comer el corazón del llobo, quitado en vida, arrancado, porque así tía toda a rabia, pero, claro, ¿cómo lle quitabas el corazón a un llobo grande? Así que xuntámonos varios vecíos ya fumos a encima Llanelo, porque comentóuse el tema... ya salimos. Volvémos os de Tormaleo y Fonduvila con úa camada de lobetos, qu'inda nun abriran os ollos. Baxamos

con dúas de cuatro. Démoslles ya esfolámoslos ya, encima d'un cachín de pan, como se fora un pincho de chourizo, botaron el corazón, limpio, ya déronllo a comer á rapaza ya nun sein se lle quitóu el mal porque se lle tuvera que quitar ou porque operara el corazón aquel, pero el mal da gota quitóuselle. Tería eu d'aquela us dezaséis anos» (cuntao por Manuel «El Condeso», 79 anos, Tormaleo, Ibias, 7-8-2005).

Nel siglo I da nosa era, Cayo Plinio Segundo xa falaba del mal da gota y aconsayaba comer os coyóis del oso ou beber a cinza dos del xabaril desfeita en lleite ou augua pra quitar esa enfermédá<sup>1</sup>. Ambroise Paré nel sou libro *De monstres et prodiges* (1585) diz: «a epilepsia sánase comendo carne d'un animal montés carniceiro que se matara col mesmo ferro que matóu a un home». En realidá trátase d'un principio básico que podemos atopar xa nos cazadores paleolíticos: al comer determinadas partes d'un animal montés admirao pola súa forza ou gafura supónse que se coyen as mesmas cualidades pra lluitar contra el mal.

Aurelio de Llano tamén fala del mal da gota, aunque recove en 1921, na Estierna (Ibias), que pra cu-

rarse había que queimar a camisa del enfermo en conto ye dera el primeiro ataque y despóis darye a cinza desfeita en augua<sup>2</sup>. Este remedio ainda lo podemos atopar en Ibias, ademáis del de comer el corazón del llobo: «Pal mal da gota había que queimar a roupa, a máis apegada al corpo, ya beber despóis a cinza con leite ou augua» (cuntao por Ovidio Marcos Blanco, 70 anos, Mourentán, Ibias, agora vecín d'Oubachu, Cangas, 27-8-2005).

Outra das partes del llobo que s'aprovetaban era el queiro, que se supoñía que curaba a mamitis (tanto en vacas como en muyeres), conocida como *reca-yo*, *ramo del monte* ou *mal bravo*, ademáis de curar el torzón ou tarazón, úa fogaxe con grandes dolores na barriga que yes entraba ás caballeirías: «Os dentes de llobo púxolos a mía muyer despós de ter el fiyo, porque ye entróu el ramo del monte. Coyín eu y des-fíxen a carne del queiro d'un llobo que cazara y pú-xola al pé da roupa y a carne y pasábaye el dolor, pero molestábaye porque ye pinchaba y metéulo na roupa en vez de tello posto na carne y tuvo que volver poñello contra a carne pra que ye pasara. Nun tuvo qu'ir al médico nin nada. Había un home que ye daba a vaca polos queiros esos» (cuntao por Alejandro Anes Suárez, 72 anos, A Sella, As Mestas, Cuaña, 2-8-1999). A súa muyer, Enedina Prieto, de 62 anos y nacida en Cortín (Vilanova d'Ozcos) díxonos que cos dentes del llobo había que fer primeiro un redonde-lo con úa cruz dentro tres veces derriba del peto malo. Tamén nos comentóu qu'en Vilanova usaban ás veces un peso de prata «dos antigos», que s'apegaba solo y se desaparegaba condo sanaba.

Aurelio de Llano comenta qu'el dente ten que tar arrincao en vida del llobo y qu'el 11 de novembro de 1921, José Cadenas Fresno, de 52 anos y vecín de Santantolín (Ibias), enseñáraye un dente de llobo y que tía tal fe nél pra fer a cura del mal del monte que nun lo daba por ningún cuartos<sup>3</sup>. Tamén comenta que noutros conceyos occidentales calentan a gamayeira y cruzan a mama con ella.

«Pal mal bravo ou alobado, que chamábamós, fa-ían cruces con un dente de lobo, pero había que coller el dente ese cuando el lobo tuvera vivo, pa ser collido con toda a rabia; se non nun valía. Había que cruzarlle al res col dente no remollo enfermo» (cuntao por Manuel «El Condeso», 79 anos, Tormaleo, Ibias, 7-8-2005).

«A tía Rosario de Labiaróu tía un dente de lobo que s'usaba pras mulleres despóis del parto. Se lles entraba a mamitis, que lle chaman agora, tían que levalo colgando del pescozo por dentro. A tía Rosario era a parteira d'aquí» (cuntao por Sofía Caraduxe, Labiaróu, Samartín d'Ozcos, 20-10-2005).

«Contra el mal bravo que lles entraba ás vacas había que faer cruces con un dente de lobo ou úa moneda de prata. El dente ese era contra as bruxeirías. As mulleres tían que levalo por dentro da camisa un ano, colgando, como se fora úa cruz ou un colgante. Eso faíase en Ibias» (cuntao por Ovidio Marcos Blanco, 70 anos, Mourentán, Ibias, agora vecín d'Oubachu, Cangas, 27-8-2005).



FOTO: GAUSÓN FERNÁNDEZ

Alejandro Anes, nas Mestas (Cuaña), col peleyo d'un llobo.

«Na mía casa había —inda tará— un dente de lobo engarzao en prata. Creo que s'usaba facendo cruces contra el ramo del monte que lles entraba ás vacas no remollo, y hasta as mulleres lo poñían por dentro, tocando no pelullo, colgándolo del pescozo. Ese cairo emprestábase d'úa casa a outra. Vía xente a buscalo e taba pra outro sito e dicíamolles: vaite a tal ou cual casa, que lo tein» (cuntao por Severino Pérez, 72 anos, Samartín d'Ozcos, 22-10-2005).

Luciano Castañón comenta qu'en dalgúas casas el dente de llobo engarzao en prata usábase, tamén fendo cruces, mentres ensalmaban contra el coxiyo, dicipela, mexos de sapo, picaduras de culobra, alacrán ou abrespa. Había que dicir:

«Si eres cuxillo  
sale por este colmillo.  
Si eres dixipela  
vaite pá terra.  
Si eres de sapo ou sapagueira  
sálete pá eira.  
Si eres de culobra ou alacrán  
sáleme por este pan.  
Si eres de dunicela,  
sáleme tamén pá terra  
ya si foras d'outra cousa  
vaite pa encima d'úa lousa.  
Colmillo, colmillín,  
déixame asina sanín;  
faima de que quede novo  
como te tía aquel lobo»<sup>4</sup>

Son muitos os testimonios que recoyém os sobre el uso dos dentes del lobo: «El dente de lobo levábase hai muitos anos colgando del pescozo contra as bruxeirías» (cuntao por Manuel Uría Sal, 88 anos, Cuantas, Ibias, 23-4-1998). «Había un home da Fonsagrada que llevaba un dente de lobo nel bolso da carteira. Usábalo pra os caballos, pra úa fiebre que yes entraba. Coyía el queiro y pinchábayes a llingua, entrábayes na llingua hasta atrás» (cuntao por Emilio Méndez, 83 anos, El Gumio, Bual, 3-2-2000). «Condo a os caballos yes entraba el tarazón dicían qu'había que pinchayes nel corpo con un dente de lobo y sanaban» (cuntao por Baldomero Linares, 71 anos, A Ronda, Bual, 3-2-2000). «Se a os caballos yes entraba a fiebre, cravábanyes nel paladar con un dente de lobo» (cuntao por Luis Fernández Fernández, 73 anos, Romeye, El Franco, 5-2-2000). «Pal tarazón que lles entraba a os cabalos faíanlles sangrar col dente d'un lobo» (cuntao por Ovidio Marcos Blanco, 70 anos, Mourentán, Ibias, agora vecín d'Oubachu, Cangas, 27-8-2005). Na Pumarega (A Veiga) pinchaban as caballeirías na reiz del rabo y, en dalgús casos, el queiro que s'usaba pra quitar el tarazón era d'oso: «Con un dente d'oso había que sangrar os burros pa que yes pasara el tarazón, sangrallos por un llaio, polla barriga» (cuntao por Antonio Fernández Nebot, 58 anos, Bustantigo, Allande, 8-12-2003). «O torzón estráballes ás caballerías e con un dente d'oso raspá-



El uña d'un lobo metida nun bolso críase que tornaba el mal d'oyo.

banlles no paladar. Tiñano posto nun pao, o dente ese» (cuntao por Felicita Gómez y Ovidio González, 82 anos, Rao, Navia de Suarna, Lugo, hoi vecíos de Fonduvila, Ibias, 6-8-2005).

Pra rematar este recorrido hai que comentar qu'en dalgús conceyos contra el mal d'oyo que podían provocar as bruxas tían el avezo de llevar úa uña de lobo, como nos cuntaron na Pumarega (A Veiga) (Arturo López Villanueva, 73 anos, y Adolfo González, 3-8-1999) ou nas Mestas (Cuaña):


«Pral mal d'oyo das bruxas usábanse as uñas de lobo, porque dicía a fábula qu'as uñas de lobo tían gran virtú pra eso. Porque taba el lobo bebendo el augua y más abaxo taba el carneiro bebendo tamén



Queiros de lobo nas Mestas (Cuaña).

no río y el lobo púxose a desafiallo que ye ensucia-ba el augua, però, claro, entós tería que ser del revés, porque el augua nun anda pr'arriba. Comoquera que fora, él diciaye que pollas cousas búas que tuvera, que tía muitas malas, y dicía el lobo: «sabrás que mis uñas, contra el mal d'oyo tienen gran virtú» (cuntao por Alejandro Anes Suárez, 72 anos, A Sella, As Mestas, Cuaña, 2-8-1999). Esta fábula atopámola en Esopo, fabulista grego del s. VI a. C.

El feito de daryes poder ás uñas y a os queiros d'animales del monte contra as enfermidades y el mal d'oyo ten a mesma intención que comer partes del sou corpo: coyer a súa forza. Polo tanto, nun é miga raro que se llevaran engarzaos en prata, igual qu'a pata dereta del parcoteixo, tradición abondo popular en dalgús llugares d'Asturias y en Astorga y La Bañeza (Lleón), na veyía Asturias Cismontana. Muchos exemplares d'esta zona consérvanse nel Museo del Pueblo Español<sup>1</sup>. El sou uso foi xeneral tamén entre as clases aristocráticas condo el reino dos Austrias<sup>2</sup>, amecéndose tamén como amuletos os queiros del xabaril, cornos de venao, queiros d'oso, etc.

Y hasta aquí chegaron dalgúas hestorias alreodor del lobo, nun tempo non muí atrás condo formaba parte dos romedios máxicos contra enfermidades que tamén se tían por máxicas. 

### NOTAS

<sup>1</sup> CAYO PLINIO SEGUNDO, *Historia Naturalis*, XXVIII, Visor Libros, Madrid.

<sup>2</sup> A. DE LLANO ROZA DE AMPUDIA (1922), *Del Folklore asturiano. Mitos, supersticiones y costumbres*, IDEA, Uviéu (reed. de 1983).

<sup>3</sup> *Ibid.*

<sup>4</sup> L. CASTAÑÓN (1976), *Supersticiones y creencias de Asturias*, Ayalga, Salinas.

<sup>5</sup> C. ALARCO ROMÁN (1987), *Catálogo de Amuletos del Museo del Pueblo Español*, Ministerio de Cultura, Dirección de Bellas Artes y Archivos, Madrid.

<sup>6</sup> J. M. GÓMEZ TABANERA (1994), *Azabache, "piedra de virtud" astur en el Camino de Santiago*, Edición del autor, Uviéu.

# matrix

—Agora atende bën y date conta: se dalgún dos dioses sacara del Estao a ún sólo d'esos homes que tein cincuenta escravos ou más, coa súa muyer y fiyos, y lo puxese col resto del sou patrimonio y dos criaos nun deserto unde ningún home como él, llibre, podera correr axudarye, ¿cómo de grande pensas que sería el medo que tería de qu'él, os fiyos y a muyer moriesen a mao dos escravos?

—El más grande, penso.

(Sócrates con Glaucón) *República*. Libro IX, 578e.

↓ Ivan Iglesias «Cazarón»

*Úa naranxa é úa naranxa. Y punto. Però úa naranxa pelada, ¿é a mesma que condo taba sin pelar? É a mesma, però nun é igual. Y úa pata de naranxa é naranxa, però é parte de naranxa, non naranxa entera. Ou sía, que nun é úa naranxa, però é naranxa. ¿Y se, como dicen que se pode fer agora, ou a nun tardar muito, úa naranxa sabe a llimón, ou a churrasco? ¿É úa naranxa? Se pechas os oyo igual é un llimón. Ou un cacho de vaca. ¿Y se fain úa naranxa azul? ¿Y se nos drogan y chegamos a ver naranxas unde hai llibros ou torreznos? ¿Y se dende sempre nos dixeron qu'úa naranxa é úa mazá y nun houbo con quén mirar se era asina? As veces as cousas nun son lo que parecen. Son lo que se consegue fer que parezan. Son lo que nos dice a conciencia.*

**A**quí queremos aguiñar pra fer pensar, coa modestia que dá el pouco espacio y el pouco saber, sobre cousas, dalgúas demostradas y outras barruntadas, como podan ser el axuda humanitaria modificada xenéticamente sin conocimiento das cobayas, os noticieiros xustificadores del poder, el proyeuto MK-ultra ou el club Bildelberg. El camín da cibernética y a inxeniería xenética dependendo dos usos, *El Príncipe* de Maquiavelo y, al cabo, dos xeitos qu'asoman al mundo dende a racionalidá más berrúa pra conmovier al tempo que se dirixen as conciencias humanas. Del control da realidá y del Mito da llibertá. Y tomando pasaxes clásicos da Hestoria da Filosofía.


Y a disculpa vén d'úa película del ano 1999 que se chama *Matrix*. Da súa primeira parte, pra ser más concretos. Porque antias de todo pensamos qu'a trama argumental ten tanto tempo como dende condo os ermaos Wachowsky (os sous guionistas y directores) tiveron conocimiento de Platón; pra concretar más, da *República*, y einda más, del empezo del sou llibro séptimo: El Alegoría da Cova. Y Platón morréu nel 347 a. C. Tamén das *Meditacióis Metafísicas* y del *Discurso del Método* de René Descartes, morto nel 1650. Quizabes de Hilary Putman y dalgún autor más da hestoria del pensamento mundial da modernidá ou contemporaneidá. Del problema de lo Real. Porque *Matrix* é úa cárcel prá mente. «El mundo posto delante dos tous oyo pra taparche a verdá». Tamén

lo é a prisión dos homes da Cova de Platón. Y os fallos que ten ese mundo permiten chegar a pensar sobre él, a salir del sou sistema y tomar conciencia de lo qu'hai y autoconciencia del individuo, y asina tratar de topar a verdá. Permiten dudar de lo que se vía pensando qu'era asina. Qu'era real. Y esta realidá era antias única y ferrial.

Un única resposta é ás veces mui pouco, y lo qu'é pior, mui peligrosa. Convén ás veces fer úa xanza entre ún y el que dice sabello todo ben, a ciencia certa, el que nun duda; porque ter muitos puntos de vista pode resolver, se cuadra, muito meyor; incluso nun resolver, porque esto xa lleva consigo partir d'un problema. Pode evitallo a tempo. Como condo Morfeo, el xefe da resistencia fora de Matrix, el terrorista en Matrix, el fiyo del Soño y da Noite, ermao da Morfe —según cunta ás claras a Mitoloxía grega—, falando con Thomas A. Anderson (chamao así unde éste pensa que ta nel mundo real), *Tomás, el fiyo del Home*, ou Neo ('novo', el nome que como pirata informático usa y que tomará na Resistencia), reinterpretando contemporaneamente el Alegoría da Cova, amecéndoye outros clásicos da hestoria del pensamento. Él xa dudóu y avanzóu na realidá. Morfeo conoce a forma del soño dos humanos. A forma de Matrix: «Es un escravo, Neo, igual qu'os outros, naciche preso. Naciche núa cárcel que nun podes nin ulir, nin probar, nin tocar. Úa cárcel prá túa mente».

Y tamén dende un punto de vista cartesiano inxertao na duda metódica: «¿Qué é lo real? ¿De qué xeito defines lo real? Se ques dicir qu'é lo que podes sentir, lo que podes ulir ou lo que podes probar y ver, lo real poderían ser señales eléctricos interpretaos pol tou cerebro». Porque Descartes, atormentao pollas dudas como Neo y pol imposibilidá de distinguir lo qu'era real de lo que non, tamén nos dice, entre outras cousas: «¿Contas veces me pasóu soñar de noite que taba neste mesmo sito, vestido, sentao, xunto del llume, tando en realidá encoiro y metido na cama!». Cousa qu'a Neo, reespoñendo a Descartes, como dicimos, tamén ye pasa: «¿Pasóuche dalgúa vez que tuviche a sensación de nun saber seguro se soñas ou tas desperto?». Y Morfeo como sempre, coas frases llapidarias: «¿Algúa vez tuviche un soño, Neo, que che parece mui real? ¿Qué pasaría se nun despertases d'ese soño? ¿Cómo ibas distinguir el mundo dos soños da realidá?».

Asina, se é que se conseguise a lliberación proposta por Morfeo pra cos pechaos y cultivaos polla *máquina* (un raxo d'ellos mesmos que los chegóu a superar y encontra el qu'a resistencia lluita) pra tomaries a enerxía y manter el sistema, dase conta d'un problema, mui presente na vida: «Son as mentes dos mesmos qu'intentamos salvar. Però hasta que nun lo fágamos, siguen tando dentro del sistema y eso fai que seña os nosos enemigos. Teis qu'enten-



der qu'a mayoría d'ellos nun tán preparaos pra ser desenchufaos. Muitos tán tan avezaos, dependen tanto del sistema, que lluitarían pra protexello». Y el pasaxe da película viría a coincidir coa proposta de Platón condo el escravo chega a conocer al mundo real, representao na Idea de Ben pol Sol (el Mundo das Ideas, según a ontoloxía platónica) y de volta al mundo sensible, da mimesis, al de Matrix, al toparse cos compañeiros presos que quedaron embaxo...: «¿Nun s'espoñería a fer el fato y a que se dixera d'él que, por subir enriba, chamuscara os oyoos y que nin sequera habería qu'esmolerse por intentar ir enriba? Y, se quixera desatallos y conducillos hacia a luz, ¿nun lo matarían, se poderan tello nas súas maos?».

Peró anque pase esto, el trabayo da resistencia é lliberar al xénero humano da mentira da máquina. Úa mentira que nun chegóu sólo a igualarse a él, senón a practicamente tello al sou gusto y aprovetarse d'él. Sólo el fallo deixa escapar a os más hábiles. Úa mentira xenerada polla máquina, anque con úa feitura de segundo grao, porque a máquina ta feita pol home. Y asina a conciencia humana llogróu topar outra gracias á técnica y féxola real usando el artificio, ou alomenos dende ún reduccionismo científico del tema. Mesmamente como hoi en día el discurso cibernético y d'estensión tecnolóxica nos cunta, a grandes rabuadas: el imitación del cerebro humano mediante a técnica, però, claro, que falle menos y s'auto-rexenera. Y que paradóxicamente nos oferta úa serie de posibilidades qu'antes nun tíamos nin imaxinábamos. Anque el problema é posible que veña dende os usos y non dende as cousas criadas, claro. Porque este novo

estao de desinformación unde os datos —peró non el información—, corren como regueiros, chega a criar angustia y ansiedá pol feito d'abrir perspectivas novas desconocidas, sobre todo nel tratamento del información. Ante el evidencia da necesidá d'un gusto, d'un poder tar meyor ou más cerca d'algo ou de dalgúen, que de condo en vez nos oferta a máquina nel mundo d'hoi (úa chamada, un simple mensaxe esperao nun teléfono móvil), críanos úa esperanza que condo nun se cumpre, á llarga, a costa de pequenos desencantos, desemboca nesa angustia y ansiedá, se hai vicio, *mono*, pol medio. Y el industria quer el vicio y pra llograllo trabaya coas conciencias. Xa Hesíodo quixo roubar el esperanza, porque podería poñer al home tollo y desestabilizar el sistema. Y lo que pensamos mui importante: é a máquina quen oferta úa serie de posibilidades, y daquén conoce a máquina y la xestiona, mentras os escravos non. As posibilidades vein dadas y el xeito del sou funcionamento ta determinao dende úa máquina que ten nome de poder, y é lo único que muitas veces podemos saber d'él, porque el sou trabayo en rede roubaye de dalgún xeito el nome. Roubaye el nome

porque ten demasiaos y entrellázanse entre sí. Y hasta el corume da pirámide, quen representa el poder, trabaya en rede. Nese xeito ta deslocalizao, y tresforma a rede tan ampria que fagocita y cría escravos constantemente que, sin sabello, son parte da máquina. Tamén os nomes da máquina son moitos.

Poñamos un exemplo al xeito. Abríuse un proceso xudicial escontra as tabacaleiras Philip Morris y a súa casa Altria, R. J. Reynolds, Brown & Williamson, Lorillard, British American Tobacco y el grupo Liggett, ás que se reclaman 280.000 millóns de dólares. Úa cantidá qu'amenaza a solvencia económica das tabacaleiras y podería llevallas á bancarrota. El caso é qu'houbó denuncias a éstas por parte da Fiscalía Xeneral estadounidense, por insalubridá pública. Tendo en conta esto, más alló de lo que moleste ou non el fumo dos cigarros nel espacio público ou privao ou a propia salubridá personal ou ayía, el xeito da denuncia nun vén por ei, senón por criar conciencias falsas nos consumidores. Quer dicirse, más alló d'anuncios públicos y sanitarios del insalubridá del tabaco y llongo da llibre voluntá de consumillo, a denuncia vén dada porque, según a fiscalía xeneral, esta xente envelena a os consumidores y nun lo declara públicamente. Meyor dito, supostamente nun declara públicamente nin a composición real, nin os aditivos pa criar clientes adictos, y el consumidor pensa que fuma úa realidá en forma de cigarro y en verdá ta fumando outra que ten como fin último el enriquecemento das tabacaleiras. Todo esto tramao dende úa reunión xa nel ano 1953 nun hotel de Manhattan entre os presidentes na fecha das compañías del sector.

El poder da xestión d'información, el mediático —qu'hoi se diría—, tantas veces medio da xestión del poder económico, y pollo tanto, del poder militar y político, é un dos pilares que construye un xeito de ser, de lo qu'hai —como diría Parménides—, que vamos apellidar *real*; y por outro llao, outro ser, como medio que cría outro xeito de realidá que vamos chamar *virtual*. Y que tantas veces se confunden. Con esto queríamos aclarar dalgún nome da máquina, dalgún nome de Matrix. Y el clasicismo y el importancia de dalgúa obra d'historia del pensamiento.

Daquén dixo qu'a primeira vítima das guerras era a verdá, porque aunque os gobiernos de moitos xeitos nos parezan que nun son os poderes del sistema, senón os sicofantes del poder sobre todo económico del sistema, *os axentes* del sistema, fai falta criar úa conciencia de necesidá, por medio da xustificación del estao de Guerra escontra determinado territorio, por poñer un caso, inda aunque a mentira sía lo que más abunde. Xa Maquiavelo, qu'era un ti-


po realista, falóunos ben d'ello. El fin ta definido dende estruturas supraindividuales, aunque en última instancia, ou nel sou orixe, dependan d'ellos, dos individuos, como as máquinas de Matrix.

A cuestión das castas de moitos xeitos, dos técnicos, dos informaos, dos que tein el poder del informar, dao pol saber, é cuase sempre tendente a uá rellación intergrupal, esotérica, mui forte, y a ter cortallumes mui severos pra impedir el acceso dende fora. Se el Nilo medra despós d'*asomar* Sirio —ou el fenómeno qu'imaxinemos que poda pasar—, porque as castas sacerdotales astronómicas lo saben, el xefe céibalo al pobo y pasa a convertirse nun Dios en vida, porque prevé lo imposible de predicir. Y as conciencias del pobo pasan a ser escravas. Tán dominadas por úa máquina del época. ¿Daquén conoce más exemplos en toda el hestoria del xénero humano que certifiquen a Matrix?

Na película aparecen reminiscencias cristianas nel mito da Trinidad —que, por certo, son Morfeo y Trinity, alegorías posibles del Padre y el Espíritu Santo, os que rescatan de Matrix al fiyo del home (Anderson), Thomas A. Anderson, Neo—, y tamén partes de pensamento oriental y hebreo. En Sión ta a ciudá del home, un mito qu'as máquinas, supostamente, nun conocen. Ta a posibilidade da llibertá; aunque outro personaxe clave d'esta parte, el traidor á resistencia, *Cifra*, quer meyor a conciencia roubada. «Matrix é más real qu'este mundo», dice y asina cúntanos qu'el ignorancia é a felicidade. Descartes tamén vía el camín costa enriba con algo al xeito: «Este plan é penoso y llaborioso, y ganas de deixallo llévanme, con pouco xeito, al camín da mía vida de sempre; y como un escravo que soña que ta gozando de llibertá imaxinaria, al empezar a osmar qu'a súa llibertá é un soño, ten medo de despertar y conspira con esas felices ilusióis pra seguir sendo más tempo engañaos».

El camín da verdá é penoso, entoncos. Xa Platón lo dicía condo se rían de Sócrates y dos bus pensadores. A Sócrates, de feito, matáronlo con cicuta. Xa lo cunta na súa obra, y en especial nel *Alegoría da Cova*. Y a debilidad y os intentos d'acabar col que busca salir d'esa escravitú son moitos y fortes. Dende as formas más sutiles del desgaste gota a gota hasta as más salvaxes y espeditivas. Morfeo díceyo a Neo: «Matrix rodíanos, ta en todos os llaos, incluso agora, neste mesmo cuarto». Y sobre todo: «Nun che dixen qu'iba ser fácil, díxenche qu'iba ser a verdá».

Asina, condo se topa con él, desque lo sacóu de Matrix, ofréceye dúas píldoras. Úa azul, ha deixallo tranquilo sin saber nada, de volta en Matrix. El outra, colorada, ha cuntar y a verdá y responder y a súa pregunta: ¿Qué é Matrix?

¿Tu qué píldora escoges? 



# Por terras taramundesas: *d'Ouria a Taramundi*



ASTUR PAREDES

↓ Rafael Cascudo Noceda

**H**oi quero propoñervos úa ruta pol conceyo de Taramundi. Empeza en Ouria, pero eso é un accidente, porque tamén podía empezar na capital del conceyo y fer a travesía al rovés. Ouria é a un tempo nome del lugar y da parroquia. Ocupa el vértiz septentrional del conceyo y ten úa extensión de 9,77 km<sup>2</sup>. Como parroquia ten varios poblos: O Castro, O Chao de Leiras, Fabal, A Lamisqueira, As Tingas, Villarede y el propio Ouria. A parroquia ta arrodiaada, d'occidente a oriente, pol conceyo da Veiga y el sou límite oriental ta definido por úas serras aliñadas de noroeste a sureste (O Chao da Cabana, O Pico da Fonte do Corro, O Alto de Pedrafita y O Pico de Leiras). A feligresía de San Xulián d'Ouria foi comprada en 1584, conda a desamortización de Felipe II, tando nel orixe da feitura del conceyo. Este tarrén, ben regao polos cursos del Ouria, Bordel, O Rego da Lameira y O Río Seco, esconde nel sou topónimo reminiscencias da explotación aurífera romana.

El lugar d'Ouria atópase nel centro da parroquia. Dista da capital del conceyo us 8,2 km, a unde se chega pola carretera AS-21 y sempre en dirección sur. Emprázase núa ladeira a 299 metros d'altitú, tendo pol sur el pico Carballeira (391 m). Alberga el ilesia parroquial dedicada a San Xulián, que ten dúas espadanas, úa a os pés y outra na sacristía; ten tamén un reló solar datao en 1770 y feito núa louxa colo-

cada na fachada. Dentro ten un retablo barroco de talla popular dedicao á Dolorosa y feito nel siglo XVII y úa espléndida imaxe da Virxe del Carme d'estilo barroco.

Hemos baxar Ouria pr'abaxo, pol medio das casas, hasta chegar al vale que fai el río del mesmo nome. Desque tíamos nel vale hemos ir por úa pista asfaltada camín del caseirío de Calzón. Al chegar á súa altura hemos atopar úa fonte coa fecha de 1955, unde hemos poder recoyer augua. Á nosa dereta han ruxir as auguas del río Ouria y al outro lao del río ha tar el caseirío de Calzón. Hemos ver entoncias úa preciosa postal composta por úa casa y un cabazo mui ben conservao. Nosotros hemos seguir camín pola carretera a Villarede. Us douscentos metros despós, y al chegar al pe d'úa casa ou cuadra abandonada, hemos pañar por un camín que sale á dereta arrodiaando a casa. El camín con piso d'herba empínase hacia arriba. Dez minutos despós, hemos dar nus praos, lougo de cruzar un montín de castañeiros con algo de pino al final. Enriba dos praos ha verse Villarede, hacia unde subimos por un camín estretín bordiao de paredes de pedra. Dende aquí, y mirando en dirección N., hemos poder contemplar Ouria y, un pouco máis al E., hemos ver O Castro, tamén al pé da carretera AS-21.

Villarede é un lugar asentao núa ladeira orientada a poniente, a úa altura de 388 m, nas estribacións nororientales del Monte do Concello. Dista 7,6 km da



ASTUR PAREDES

El lugar d'Ouria cúa ilesia parroquial de San Xulián

capital municipal. El última vez que tuvemos alí ún dos poucos vecíos salíu a convidarnos con licor de mel feito na casa.

Hemos salir de Villarede deixando el asfalto y entrando nun camín que vai en dirección O. y costa abaxo, col piso d'herba. En plena baxada ten pedras cubertas de verdín polas qu'hai qu'andar con muito cuidao al pisar porque esliman lamar se ta moyao. Mentres baxamos deixamos á dereta úa casa y un cabazo abandonaos y hemos buscar el rego de Longarela, que cruza el camín buscando el río Ouria.

El camín vai agora por úa zona con abondo arbolao autóctono: carbayos y castañeiros, anque pol medio van aparecendo pinos y calitros entremezcraos. Núa revolta del camín hemos descubrir el rego de Longarela, qu'hai que cruzar moyando os pés. A partir d'este punto el camín vai por debaxo d'un guapísimo monte de carbayos y castañeiros. Úa subidía ha meternos núa zona con abundante pino y calitro. El calitro ta mui presente por todo el recorrido y hemos descubrir el sou verdegar na ladeira oeste que dá al vale del río Ouria. A súa presencia ta féndoye retroceder y desaparecer al arbolao autóctono.


Pouco despós hemos dar noutra pista que sube del río Ouria. Entramos nela durante us poucos metros, deixándola despós núa das revoltas que fai y hemos pañar por un camín con piso d'herba que vai en dirección SO. Lougo ha aparecer delante de nosoutros A Serra d'Eiroá ou Airoá, que das dúas maneras

lo ouguimos nomar. Trátase d'úa serra con pouco arbolao, con monte baxo y sobre todo folgueira. A ladeira qu'hemos cruzar nesta primeira parte del recorrido ha ter abondo arbolao autóctono mui mezcrao y con muitos pinos y calitros.

Máis pr'alante hemos deixar a pista y hemos pañar por un carreirín que nos ha levar hacia O Rego do Inferno, nél qu'hemos dar cinco minutos despós. Castañeiros, aveyaneiros, carbayos, pinos y algún qu'outro calitro han aparecer polos alrededores. Al Rego do Inferno hemos levalo pola nosa dereta. El carreiro ha tar cruzao por outro regueiro pequeno que verque as auguas nel del Inferno. Tanto ún como el outro han baxar fendo ferverzas y seimeiras pequenas, sobre todo se el recorrido lo femos en tempo d'augua. El río aquí fai úa volta y vai encaxo-nao por úa parede de pedra. Cinco minutos despós, hemos cruzar O Rego do Inferno.

Un pouco máis pr'alante hemos deixar el rego y hemos pañar por úa senda que cruza un monte de carbayos y castañeiros en dirección SO. Dez minutos despós, hemos pañar outra que nos ha levar a Abraído. Hemos tar na zona máis rica en arbolao autóctono. Cinco minutos despós hemos dar nun camín máis ancho que baxa del E. y, al pouco y delante de nosoutros, hemos ver Abraído, un poble asentao núa lomba que fai como úa balconada derriba del vale del Ouria.

Al pouco coyemos por un camín que sube del río en dirección a Abraído. Nesta zona nun hai árboles, solo monte raso. El camín ha ir en chao hasta che-





RAFAEL CASQUIDO

Ún dos muitos cabazos al pé da ruta

gar al rego do Pozo do Medio, outro regueiro qu'haberá que cruzar moyando os pés. Algún carbayo, algún castañoiro por entre os toxos. Muitos —eu diría que muitísimos— calitros s'entremezcran con outros árboles y muitas folgueiras, secas ou verdes, según el época del ano na que fagamos a ruta.

Al entrar nel poble y pola ma esquerda hemos atopar un horto al pé d'úa casa unde s'erguen dous cabazos preciosos. Abraído ta al norte da parroquia de Taramundi, nun paraxe chao con úa altitú media de 400 m, delimitao hacia el S. pol Pico do Pendón (708 m). Ta mesmo enriba del Rego do Lameirón, y orientao como se úa talaya fose hacia el vale del Ouria, que sirve de límite col conceyo de San Tiso d'Abres. Dista da capital del conceyo us 5,5 km.

Hemos salir del lugar en dirección S., y us cen metros despós hemos deixar a carretera, non sin antias botarye úa ouyada a dous vales que confluyen en dirección O. y sobre os qu'Abraído s'ergue dende a súa privilexada situación. Pol

paso aberto d'úa cancela hemos adentrarnos nun monte y, desque tíamos alí, hemos subir pola Serra d'Eiroá. Hemos andar por un carreiro pol medio del monte y en plena subida hemos cruzar de novo O Rego do Pozo do Medio, por cerca d'unde nace y baxa bulicego camín del fondal a unde ha chegar enseguida pra darye el sou augua al río Ouria. A medida que subimos hemos poder contemplar espacios máis amplios, con Abraído nel medio y al fondo, se el día ta claro, hemos poder ver a Ría del Eo, y Penarronda coas Pantorgas tapiando al fondo el cabo nel que s'asenta a vila de Tapia.

De novo volta a subir y na subida hemos atopar montíos de pinos ananos, d'esos que se vén a miudo polas zonas altas. Úa alambrada ha separarnos d'un cortafougos que vai d'oeste a este pol alto da serra. Pasada a alambrada hemos andar pola esquerda del cortafougos, deixando detrás el pico da Pasada. Por ese punto a vexetación ta formada por pinos, gancela y toxos, con pación de montaña, herbazón



RAFAEL CASQUIDO

Úa parada al pé d'úa portalada en Abraído



ASTUR PAREDES

*El edificio novo del Conceyo combina funcionalidá y tradición*


que pacen os animais soltos qu'hai pola serra. Lo que vén despós nel noso recorrido ha ser A Lagúa do Pozón, da que cunta a xente da rodiada que nunca secóu y que nel medio ten un pozo al que nun se ye conoce el fondo. Dentro da súa lenda incluso dicen que sube y baxa coas mareas.

Pol cortafougos hemos buscar a base del Pico do Pendón. Alí podemos coyer á esquerda, bordiándolo y seguindo pola media ladeira da serra. Úa alternativa interesante é coronar el pico y outiar dende a súa altura. Hacia el S. han verse un montón de poblos: Aguillón, Veiga de Llan, Valín, Nogueira y el mesmo Taramundi. Tamén han poder verse as serras que tapan el horizonte. De esquerda a dereta vese A Bovia, A Garganta, A Serra d'Ouroso... De nun subir, hemos poder seguir pola esquerda del pico buscando pouco a pouco a media ladeira, andando por un carreiro que vai pol medio de toxos y gancelas.

Hemos andar en dirección SO. y enseguida hemos entrar núa pista deixando el monte pol qu'andábamos; esta pista ha levarnos en lixeira subida hasta outra máis veyá que dá noutro camín mesmamente núa revolta. Y por alí, prá esquerda y en baxada, leva hacia a Taramundi. Un pouco despós hemos tar enriba de Lourido y entoncias hemos deixar a pista que vai fendo voltas hacia Lourido y hemos pañar por un camín con piso d'erba que pasa pol medio d'úa carbayeira pequena, con exemplares mui interesantes, anque en pouca cantidá. Esta carbayeira ta mesmamente debaxo d'un monte de calitros. Na veira esquerda ha aparecer úa búa parede de pedra que separa el ca-

mín d'un prao costedo que máis abaxo dá a outro monte mixto. Despós de dar úa volta hemos descubrir delante de nosoutros a vila de Taramundi.

Atopamos agora un caleyón ben guapo con parede de pedra pol lao esquerdo y con monte pol lao dereto, con algún castañeiro y carbayo polas veiras y lamar de mofo de todos os colores que pinta de colores esta parte del recorrido. Máis pr'alantre hemos dar noutro camín que nos ha levar enriba mesmo del hotel «A Rectoral» de Taramundi, final da travesía d'hoi.

Qué dicir de Taramundi, vila y parroquia del conceyo del mesmo nome. A vila ta na parte occidental del conceyo, asentada núa ladeira orientada al S. y a 276 m d'altura, y ta comunicada tanto con Asturias como con Galicia, comunidá coa que fai fronteira. Esta vila capitaliza a mayor parte da oferta terciaria d'un conceyo qu'apostóu pol turismo rural. Dispón d'interesantes mostras d'arquitectura civil y relixosa: el ilesia parroquial de San Martín con tres naves y mui interesantes retablos douraos y policromaos, sobre todo el retablo mayor, de tradición barroca y de finales del siglo XVII; a casa rectoral veyá, feita en mamposteiría de pizarra, y hoi convertida nun hotel, completando úa esperiencia pioneira de turismo rural; el Museo das navayas y el edificio novo unde s'atopa el Conceyo, que combina funcionalidá y tradición... Y, al cabo, ten tamén un inmenso patrimonio etnográfico, deudor da importancia del augua y del ferro como elementos característicos da súa economía a lo longo dos siglos pasaos. 

# El grupo de Coros y Danzas de Tapia (1954-1957)



Bocadíos d'úa actuación en Tapia, el 24 de xuyín de 1957

↓ Félix Martín Martínez

*A Sección Femenina, durante case todo el réxime político franquista, tuteló a vida cultural da mocedá española. En Tapia, como en muitos outros lugares del país, alreduro das actividades d'aquel organismo amañóuse un conxunto femenino de baile del qu'agora imos a dar úas pinceladías.*

**D**urante toda aquela época fíase obrigao pras mozas el que chamaban «Servicio Social», que consistía en fer de baldre dalgún labor público y qu'había que cumprir se se quería acceder, por exemplo, a dalgún trabayo. Precisamente, y sustituyendo aquella obrigación, amañáronse grupos de coros y danzas que, nel noso caso, tuvo a cargo de Sabina da Calostrá, úa vaqueira afincada nel lugar tapiego de Serantes popularmente conocida como *A Lecherina*. A súa dirección musical acompañábase por un gaitero da mesma parroquia. Como delegada figuraba a compoñente María Elvira López-Cancio.

En 1957 asumíu a dirección del *Grupo de Coros y Danzas de Tapia de Casariego* —qu'así se chamaba— Carolina Santamarina, dando pé a que s'amañara un grupo de coros y danzas infantil y sendo acompañaos dacondo por *Primitivo*, conocido gaitero de Ribadeo que tocaba nos Quirotelvos.

El grupo levaba a típica roupa asturiana dos grupos d'esos anos, cua saya colorada, dengue de terciopelo mouro, brusa branca, pololos, pano na cabeza y medias brancas. Tuvo composto por oito beila-rías y el acompañamento instrumental del gaitero que xa nombramos, ademáis de castañolas, botellas d'anís y tixela. As súas actuacións fixéronse nel sou propio sito d'ensayos, el *Salón Edén* de Tapia, ade-

máis de nel Instituto, nas principais villas del occidente asturiano y nel Teatro Campoamor d'Uviéu. Entre os bailes del sou repertorio recórdase el *cario* y *la araña*:

*Eso de matar la araña  
viene de Madrid a Oviedo,  
de Oviedo a La Coruña,  
de La Coruña a Somiedo.  
Esto de matar la araña,  
yo no lo puedo entender:  
unos la matan de noche  
y otros al amanecer.*

Na actualidá y con miyores medios, ademáis de cua disponibilidá d'un edificio municipal destinao a Escola de Música Tradicional, Tapia cunta con dous grupos folklóricos. *Fontenova* foi el primeiro en ser organizao, en 1987, como un colectivo etnográfico baxo a dirección de dous dos máis notables investigadores del folklore asturiano: el matrimonio formao por Rosa Vigil y Ángel R. Herrera Gutiérrez. En 1995 amañase a *Marino Tapiega*, úa banda de gaita tradicional asturiana baxo a dirección de José Manuel *Guti*. Dende ese mesmo ano y hasta hoi, Tapia é a sede del Festival Intercéltico d'Occidente Folklórico Internacional d'Asturias, baxo os auspicios da Conseyería de Cultura del Principao d'Asturias y el Conceyo de Tapia.

# NAVIA,

## na primeira mitá del siglo XX



↓ M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Montañés

*Jesús Martínez Fernández, conocío médico de Navia, foi tamén un investigador de la historia del sou conceyo. Vanse recoyer aquí úas poucas notas sacadas d'un artículo qu'escribíu él xa hai tempo sobre la historia de Navia<sup>1</sup>. Con ben mérito soupo recoyer los feitos que se viron naquellos anos ya todo lo que la xente de los puebls ye contóu. Ta ben fer un repaso, al xeito d'úa efeméride, polos feitos más chamadeiros reseñaos naquel artículo.*

**P**olo que parece, Navia nel primeiro de los anos del siglo nun parecía muito ben, pintaba probe abondo. Pero pode que non muito más qu'outros llugares. Muitas cousas cambiaron desde 1900. Polo visto, el camín xeneral tía árboles polas veiras, iba por xunta el río, ya pode qu'algo de basa ou llama houbera al redor d'él tamén. El Espín ya Navia taban a un pasín desde el ano 1868, desque tuvo feita la ponte de ferro. Nel conceyo vivían naquel tempo us 6.000 vecíos, case la sesta parte d'ellos na capital. El trabayo de los eiros ya los praos, el gao, la pesca ya el comercio eran las ocupacións de la mayor parte la xente. Houbo tamén fábricas de curtíos en Paderne, nas Acenias, ya en Olga. Ya fábricas de serrar madeira, de chocolates ya pan, talleres de carpinteiría ya de fer chalanos pequenos.... Tíamos ferias de gao tamén; era mui nombrada la de Santa Lluía en Anlleo, que se fía pal 13 del último mes del ano.

Algúas de las cousas que deron que falar nos primeiros tempos del siglo foron estas:

En 1900 víuse por Navia un coche con motor d'explosión, que foi el primeiro que veu pola villa. Tuvo que ser úa novedá: principiaba un siglo qu'iba trenos adelantos como ningún outro trouxera antes.

En 1903 desbordóuse el río, ya fixo destrozos abondos. Nun iba ser tampouco la última vez qu'el augua dese sustos a los navegos. É lo que ten tar xunta el río ya el mar.

En 1904 un emigrante del lugar de Téifaros, en Andés, mandóu 43.000 pesos pa fer las escolas del sou lugar de nacemento. Eran outros tempos: la xente íbase fer las Américas, fer cuartos.

Chega 1907 ya principiase a tirar del depósito d'augua del Capellán, en Astás. Acábase de fer tamén el salto de Vivedro, ya los nenos empezan a preparase nas escolas de Téifaros. El 9 de decembre alluman nas casas las bombillas ya nel ano qu'iba vir despós iban ser las cayes las que s'allumaran con ellas tamén.

En 1913 inaugúrase la estatua de Campoamor, que lleva todo este tempo sabichando, sin movese, la vida nosa ya de toda la xente de fora que pasa camín de Galicia ou camín del centro d'Asturias. Ya vese naquel ano tamén el primeiro de los avióis que volan porriba los nosos texaos. Ya principian a fer el camín Navia-Andés por Olga.

En 1914 empeza a usase la rede d'alcantarillao, fendo que vaya por ella la xurria, que falta fairía; inda fai hoi en dalgús sitios. Ya nel 1914 trabáyase nel camín Navia-Andés pol muelle.

El 18 d'outubre de 1917 topóuse morta na praya de La Bragada (Andés) úa ballena d'úas 25 toneladas.

En 1928 danye muita fruxa a la construcción d'escolas, llavadeiros ya fontes d'augua potable por todo el noso conceyo.

En 1932 pintan Navia como úa villa moderna, con alcantarillao, traída d'augua potable, lluz eléctrica ya firme muito bon nas cayes. Ya dícese, pa ben, que temos teatro-casino, cafés, sitios unde dormir los que vein de fora, comunicacióis de telégrafo ya teléfono, médicos, farmacias... Por outro llao, Automóviles Luarda S. A. fía xa naquellos tempos viaxes a Xixón, Uviéu, A Coruña, ya outros llugares más pequeníos que volaban de camín a los más grandóis. Hai tamén




Úa vista de Navia dende El Espín

úa llinia que vei a Bual ya outra p'apurir la xente a Villayón. Contaran los animales del conceyo: las estadísticas poin 11.875 vacas, 2.325 cochos, 675 oveyas, 50 cabras ou cabritos, 9.512 pitas ou aves, ya 750 burros ou caballos. La población chega naquellos anos a ser d'us 10.000 paisanos ya paisanas.

El 15 d'agosto de 1934 faise por vez primeira la procesión de La Barca pola ría.

El 17 de xulio de 1936 la xente que taba escuitando la radio soupo del levantamiento del Exército contra el gobierno de la República. El día 31 el bando republicano fixo que volase, con dinamita, la ponte de ferro. El cachín entre columnas del Espín caéu nel río. El primeiro d'agosto, a las 10 de la mañá chegan pol Espín los soldaos de Franco, puéndose na veira de la ría, ya despós d'un par d'horas de combate, entran na villa.



El porto veyo de Navia

Un feito de 1946 é que se principia a fer el salto de Grandas de Salime, nel Río Navia. Duraron las obras hasta 1953.

El 22 de febreiro de 1948 caéu úa nevada de las búas, que chegóu en dalgún sito a ter el medio metro.


El 16 de xulio de 1956 chega la lluz a Busmargalín, el llugar del conceyo que más tardóu en tella.

En 1959, del 11 pal 12 de decembre desbórdase el Río Navia. A las 3 de la noite chega a tese más d'un metro d'augua na caye Regueral.

El 11 de marzo de 1962 princípiase a fer el Salto d'Arbón.

En abril de 1963 poinse na dársena los Astilleiros Armón. Ya tamén nese ano cocías eléctricas ya de gas butano, neveiras, coches, ya outras cousas modernas principian a trese pa las casas.

El 20 de xineiro de 1965 úa galerna chega a las nosas arbosas, ya las olas saltan el muelle. Outra vez el augua.

Todas estas cousas ya muitas más recóyelas nel sou trabayo Jesús Martínez. Ya tán tamén, aunque sin fecha esacta, las narracióis de los bolos de los qu'andamos polos trenta. Outros corenta anos pasaron desde el 1965, ya outras tantas cousas trouxo el tempo este tamén. Muchas d'ellas tarán recoyidas noutros llibros ou en hemerotecas qu'han a consultar los que veñan detrás. 

### NOTAS:

<sup>1</sup> J. MARTÍNEZ FERNÁNDEZ (1967): «Navia remota y actual: datos y referencias para su historia (I). Siglo XX (primera parte): calendario de sucesos», *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos* 60, pp. 113-172.

# As ruinas da intelixencia

↓ Ricardo Saavedra Fernández-Combarro

*El 18 de marzo d'este ano el escritor uvie-  
dín Ricardo Saavedra recoyêu nel Salón  
d'Actos del Instituto de Tapia el Premio Xei-  
ra de narracióis curtias en gallego-asturiano  
pol sou relato «As partixas». El sou discurso al  
recoyer el premio prestóu muito al público  
qu'asistíu y pedíronnos podello ller máis  
axeito nas páxinas d'ENTRAMBASUGUAS. Estas  
foron as súas palabras.*

*En un viejo país ineficiente,  
algo así como España entre dos guerras  
civiles, en un pueblo junto al mar,  
poseer una casa y poca hacienda  
y memoria ninguna. No leer,  
no sufrir, no escribir, no pagar cuentas,  
y vivir como un noble arruinado  
entre las ruinas de mi inteligencia.*

Jaime Gil de Biedma

pa min un honra recibir este Premio Xeira de Narracióis Curtias, y élo por varias razóns: eu nacín na cidad d'Uviéu y chegar a escribir el relato qu'el xurao premióu este ano supón ter recuperada úa llingua da que, por desgracia, namás puiden ser conecedor pasivo na mía infancia. Éste é, por tanto, un importantísimo punto de chegada pa min, pero tamén un non menos trascendente punto de partida núa dirección que nun ten retorno: a sublimación da Fala a través da lliteratura, el sou uso como instrumento de comunicación y como materia pa construír mundos posibles que permitan entender miyor el noso.

Convencido como tou de qu'ás veces a realidá é en sí mesma un xogo máis axeitao qu'a propia ficción pa cristalizar a imaxe del sentimento y poder asina contemplallo y conocello, el meu relato fala de feitos reales qu'inda hoi tán tendo llugar na mía familia. En efecto, a persona y el personaxe tein con frecuencia

úa fronteira borrosa; a realidá y a representación finxida dos actos, tamén. Por eso, nun é estraño que lo extraordinario poda parecer verosímil y lo real, muitas veces, maraviyoso.

Asina é a lliteratura y asina os acontecementos da vida que conducen hasta este mesmo instante dende el momento en que mía bola, Justina, veu dende Castilla a Bual nel ano mil novecientos ventioito y conocéu a meu bolo, Francisco. Éste é en realidá el empezo tácito da historia del meu relato y tamén el comenzo da cadía d'accióis que me trai hoi hasta aquí. É fácil observar qu'as cousas cambiaron muito dende aquel ano de mil novecientos ventioito. Condo mía bola chegou, corrêuse axina a voz de qu'en Bual había úa moza que sabía falar castellano perfectamente, y xente de todo el conceyo iba al pueblo escuitalla, algo asombroso. Sin embargo, al pouco tempo ella empezóu a trabayar en Almacenes Gijón, nel mesmo Bual, y percatóuse cedo que tía qu'aprender a Fala pa darye a ún dos sous primeiros clientes el que ye pedía, úa pucha, algo natural. Hoi, decioito de marzo de dous mil seis, eu tou acó recoyendo un premio por un relato que chegué a escribir gracias a Ruth, que me ten axudao sin esmorecer a recuperar as palabras de meu bolo, as que me dicía algúa vez, ríndose como quen xa sabe el final da historia, condo eu inda era un neno y iba visitallos á súa casa. Aquellas palabras que recuerdo vagamente descifrables y qu'agora recobraron el sou sentido pa qu'eu reconstruira úa parte da historia da mía familia na llingua na que s'espresaba habitualmente. ¿Nun é ésta úa situación estraña?





Úa vista da villa de Bual

Quizabes nun lo é tanto pa min, pero, dobrando el panel del tempo, imaxino a mirada de daquén como meus bolos, a mirada de daquén ayén a este contexto, regresando al mundo p'asistir a este acto y comprobar de paso cómo teín sucedido as cousas este último ano, sintindo úa tristeza inesplicable al ver cómo a súa llingua é acosada por inesperaos corpos etéreos, auténticas pantasma, personaxes imaxinarios tentando d'actuar como personas reales nel mundo empírico.


Penso na mirada inxenua d'esa persona que s'asoma a este tempo y comproba cómo realidade y espectáculo son anguano úa mesma cousa, de qué xeito a información échese de ficción y a ficción, de datos verídicos; cómo, de feito, os movementos d'homoxeneización y síntesis son tan rápidos qu'ás veces ún nun sabe mui ben en qué casilla da realidade s'atopa. Esa persona asomeñada a meu bolo vería qu'agora podes presentarte a un premio lliterario en Fala y enterarte pouco despós de que, si tuveses a fortuna de ganallo, poderías pasar a formar parte da lliteratura gallego-portuguesa. Qué honra tan inconsciente, pensaría él y penso eu: aparecer nos libros d'historia lliteraria xunta Rosalía, xunta Pessoa, xunta Saramago y Manuel Rivas.

«É miyor pá xente del Navia-Eo», dicíame neste sentido nun sei ben si úa persona ou un personaxe da lliteratura asturiana fai us meses, condo a UNESCO puido traer el maná da llingua gallega a estas terras. «É miyor pa ellos aprender gallego» —dícía él— porque asina intégranse núa comunidá superior». Y, escaitando el eco das súas palabras, postos a sacar partido da situación, eu vexo más allá y axudo á persona que s'asoma incrédula a este aquí y a este agora a valorar os grandes beneficios d'incorporarse na comunidá gallego-portuguesa. Pa ello, esplícoye qu'agora ta de moda dicir qu'a llingua nun ten fronteiras, asina que por qué vamos poñellas nosoutros condo podemos chegar hasta Brasil y de sutaque cantar orguyosos «A copa do mundo é nosa», y celebrar sin coloriar que formamos parte d'un país con cinco campionatos mundiales de fútbol nel sou palmarés. Eu diríay e a daquén como meu bolo, qu'estudióu aquí, nos Padres Agustíos nos anos vinte, qu'imaxinara os antroidos a ritmo de samba brasileira na Praia dos Campos, que pensara núa ciudá deportiva na Xungueira y en célebres futbolistas rodando anun-

cios nel porto de Tapia pa comercializar a caipirinha (con «nh» gallego-portuguesa, ou «rh», tanto más dá).

Eu, como digo, vexo más allá y creo un acto ficticio qu'axude a ese espectador d'outra época a entender as cousas que pasan cos oyo d'agora. Y fágoye ver este mundo posible porque a mentira é un acto imaxinario que nos convida a forzar un pouco os llindeiros da realidade p'atopar as respostas más reveladoras, pa categorizar as cousas al noso xeito. Y volvo sobre el fútbol pa preguntar si nun podería ser verosímil imaxinar neste momento al entrenador d'un equipo indo a casa ayía —póñamos, por exemplo, a Ribadeo— pa que ye dicten el alliniación del sou equipo. ¿Nun sería esto insólito? A estas alturas da ficción, quero dicir da vida, xa me parece factible.

Al noso espectador del outro llao del dameiro del tempo recordaría ye lo que Cocteau dixo úa vez: «Victor Hugo é un tolo que se pensa Victor Hugo». Ésta é el auténtica verdá sobre a persona y el personaxe, sobre a ficción y a realidade, sobre lo que somos y lo que finximos ser, sobre a nosa confusión irremediable, en suma. Y por eso, frente a os argumentos d'autoridá manidos, caducos y extemporáneos, disfrazados de ciencia nel siglo ventiún, parécenme más necesarias y axeitadas úas razóns que nun fai falta readaptar a os parámetros da nosa voluntá: tou falando d'outro argumento d'autoridá más válido y más nobre: el dos falantes, os auténticos poseedores da llingua. Tou falando de Ruth, de Jesi y de Pablo, de Lalo y, sobre todo, d'Elvira, a vecía que dende neno sempre me falou en Fala —este premio tamén é tou—, de Xosé Miguel, d'Ágata, de Sergio y de Fina, de Milio y de Madora, de Susina, da mía familia de Bual, del Galano, de Xabiel, d'Aurora y asina hasta us corenta mil; falo d'ellos y de meus bolos, qu'agora se rin mentres me ven pechar esta historia como xa sabían qu'había rematar, acordándome d'ellos, afirmando dende esta cara da realidade que si agora callamos deixaremos qu'outros escriban el final d'este relato por nosoutros, y, que si eso sucedera, namás nos quedaría resignarnos como héroes inútiles y mudos, arruinaos, recordando as llapas del edificio mentres contemplamos someiros nas cinzas as ruinas da nosa intelixencia.

Sin embargo, eu sei qu'eso nun vai poder pasar, porque a copa del mundo, a verdadeira, fai muito tempo qu'é nosa. 



# ALONSO,

## *música*

## *na panera*

## *de Villar*

↓ Martín Pérez Álvarez

Quando chegou á curva del castañeirón, na subida pra Villar, baxouse del caballo col cuidado del que nun quer fer ruido; parecéuyeu qu'a costa que sube hasta El Palacio era pedir de más y nun quería quedar mal col animal. Así é Francisco Alonso: a sensibilidade que ten prá música llévalo tamén a ter un tacto coas cousas qu'os demás nun percibimos. Miróu al cielo cegao por aquel sol de xulio que ye cayía a plomo nel alma, botóu a mao al bolso del chaleco y tiróu da cadía: as tres y media da tarde. É cedo abondo, pensóu; además, nunca ouguira falar de ningún sito qu'empezase a xente a bailar antes qu'os músicos a tocar.

De mirada profunda y frente aberta, el corto pelo que sempre viste fíxoye acordarse de qu'a gorra de visera que compróu el ano pasao por San Miguel taba á sombra nel armario mentras a él se ye calentaba a cachola. É más lista qu'eu, debéu pensar. Delgado desde qu'él recordaba, nun é más alto qu'eu pero ese traxe escuro a medida daye un porte qu'invita al respeto. Sin faltar nunca el chaleco, viste camisa sin cuellos que, zarrada del primeiro al último botón, sempre reluce branca, orgullosa d'aquel home que la viste. As maos dicen que trabayaron desde pequenas, nun hai duda, pero al hora de tocar él sempre dice qu'a música nun ta nellas sinón dentro d'ún.

Miróu pr'atrás a ver si parecían os demás, pero nun víu a naide, nin músicos nin dos outros. Nun é

d'estrñar: inda é el hora da sesta y hasta as cinco nun empeza el baile, pero a él sempre ye gusta chegar con tempo condo veí tocar. Coa calma de sempre sentóuse nun taruco á sombra del castañeiro, descalzóuse y sacudíu úa alparagata contra outra y metéulas na alforxa sacando llustrosos os zapatos de salir. Calzóulos y quedóuse mirando pra ellos satisfeito: si los trouxera postos d'antes, agora tarían chíos de polvo como as alparagatas y, pra él, os sous zapatos de salir nun son como as alparagatas, hai diferencia. Púxose dereto y díxoye «vamos» al caballo; al fin y al cabo, era el único que lo escuitaba. Esto de ter que falar ún col outro ocurriayes mui a miudo, así que botaron a andar lo pouco que yes quedaba.

Os bailes da panera de Villar son mui nombraos y sempre que lo chaman pra tocar y pode, nun falta. A panera, en realidade, nun é tal: chámanye así a un vasto salón dentro de lo que foi el palacio unde se guardan el trigo, el meiz y, como sobra sito, tamén se guardan os pasos de baile de cada ún que se move al son d'estos músicos. El almacén, noutro tempo, servíayes al marqués que dicen qu'allí vivíu pr'amontuar el dezmo que sudaban outros nas terras d'él. Agora, deixada xa atrás a escuridá da Guerra Civil, a xente busca lluz en pequenas cousas qu'alegren a monotonía d'estos tempos. Estos tempos en branco y negro, estos tempos de sol y de sombra, de moyao y enxuto, de cartilla de racionamento y NoDo, d'Idea-



*A escaleira d'once pasos que lleva a úa das dúas vivendas del Palacio de Villar; unde había chigre, tenda y salón de baile*

les y gasóxeno, de Manolete y estraperlo [, y encima inda nos chegan ahora con esto del Plan Marshall que veremos a ver en qué para todo.]\*

Peró condo chega el domingo, parece que todo s'olvida: os homes poñemos el miyor traxe, as mueres el vestido de salir y perfúmanse tan ben qu'hasta neso se nota qu'é un día especial. A moce dá ta esperando este día pra salir a pasiar ou ir al baile, pra cortexar ou pra volver prá casa coas ganas, en definitiva, pr'andar al sou aire; algún volve prá casa ás once ou ás doce da noite y tanta llibertá a os más veyos nun yes gusta nin pizca. A xente como é debido volve prá casa con lluz; si non, xa sabe qu'ha dar que falar.

Al chegar, prendéu a bestia nun argolla qu'hai nel paredón que llinda col camín y lliberóula da montura. Axina parecéu a saludallo Ramón, que vive núa das dúas vivendas qu'hai hoi día nel Palacio; el outra é además chigre, tenda y, como dixen antes, salón de baile condo fai falta. Ambos subiron a escaleira d'once pasos que lleva hasta el bar pol medio das mueres que se xuntan pr'axudar y dos pequenos que tán todo el tempo rebrincando. Convidáronse a maos d'Antón, el chigreiro, qu'é mui aficionao á orquesta de Miudes y condo tein úa fecha llibre, trailos pral baile. Además, hoi é un día señalao porque algo se ta celebrando nel comedor

d'Antón que ten úa mesada dentro que xa fala en voz alta.

D'allí a un bocadín foi chegando xente que vía pral baile y al pouco xa se taba apretao nel local, cousa qu'a algús yes gustaba muito y ás madres d'algúas non tanto. Francisco deixóu a esquina del mostrador en silencio y colóuse pol portón da panera; tanta xente alborotando nun ye deixaba concentrarse na melodía que se ye taba vindo á cabeza. Sacóu un papel del bolso y a pluma esbozóu al momento lo que podía ser úa nova peza. Despós sonríu: non sempre ye daba tempo a apuntar as notas musicales que ye pasaban polla cabeza y muitas veces tía qu'esperar por ellas como el que vai ás truitas. Nesto entróu tamén na panera el sou fiyo Gervasio, col acordeón núa mao y un atril nel outra; entre os dentes, el llibro das partituras. Pousóu os tarecos y sentíuse alivio. Preparóu el sito pra tocar y preparóuse él tamén mentras sou padre miraba tranquilo polla ventá que dá al norte: él sempre ta preparaao. Solo úa cousa lo fai diferente d'outras veces y é qu'hoi estrenan as cancióis novas del repertorio que ten escrito pra este verao del 47. Agora falta ver cómo las tocan os chavales. Hoi acompañanlos dous vecíos d'ellos que son ermaos y que tamen yes gusta a música: Manuel y Alberto, da Casa Epifanio de Miudeira. Inda non ben entran polla porta y xa tán animando á xen-



*Os violíns enchen a casa con úa melodía que fai mover os pés por debaixo da mesa*

te. Avisaron a Gervasio y foron os tres tocar pra os qu'inda taban tomando el café con achicoria que preparóu Lucrecia, a señora da casa, y gracias al cual nun caían as cabezas contra a mesa. El acordeón y estos violíns enchen a casa con úa melodía que fai mover os pés por debaixo da mesa. Hasta Don Aquilino, el arcipreste de Miudes, que taba d'invitao, lo taba pasando ben al oír tocar a estos músicos. Axina, a xente da mesa foi erguéndose, a del bar foi deixando a barra y el baile foi empezando al paso qu'ellos tres iban coyendo sito al pé de Francisco, que sacaba el clarinete del maletín.

Acabóu a peza y tomóu el mando: saludóu al público qu'abarrotaba a panera y avisóulos dos fallos que podía haber por ser a primeira vez que se tocaban algúas das pezas del novo libreto. Nun fía falta. A xente que vei al baile de Villar é mui animada y nun ten reparos con esas cousas y, además, todo salíu mejor de lo qu'él tía pensao. Al primeiro compás empezaron os mozos a partir y a pista de baile enchéuse de pionzas de traxe y vestido. Pra min é mui emocionante ver cómo empezan estos bailes, cómo s'emparexan os pes d'us y outras sin chegar a tocarse, todos a un tempo, aunque non todas bailan con quen queren, porque algús nun se precatan das señas y outros tein aviso de nun arrimarse a unde

nun los chaman. Contentas ou non, as mozas bailan úa peza sí y outra tamén, ás veces hasta úa con outra condo quedan desaparexadas. Ellos casi nunca quedan desaparexados porque condo nun s'agarran á que yes gusta, algún agárrase al vaso toda a tarde y acaba como cuadra. Condo acaba todo, ás veces hasta se calentan y se coyen del pecho ou se despiden a morradas entre ellos, pero eso é as menos veces.

Peró este día todo el mundo taba disfrutando con os novos pasodobles y mazurcas da orquesta Alonso, aunque lo qu'a min más me gusta das novas composicións de Francisco é a frescura y a naturalidá que tein as jotas d'este ano. A tarde foi amecendo úa peza tras d'outra y, si a xente taba feliz, más taba el autor d'ellas, qu' aunque nun se ye notaba por fora, eu presumo que por dentro nun se podía sentir miyor. Al cabo d'un par d'horas, fixeron un descanso que tían ben merecido tanto os músicos como os bailaríos: a ver quén trabaya al outro día col dolor de pernas que se che queda. Ún que por fin encontrara con quén bailar díxoyes en voz alta que nun parasen xusto agora que tía parexa; Francisco, ocurrente como sempre y con úa chispa d'ironía mui al conto pral momento, contestóu d'un xeito que nun se m'olvida:



Partitura del pasodoble «A Cantinera», de Francisco Alonso

*Hay en el mundo mucho amor  
y es mui difícil escoger.  
¿Cuál pensáis que ha de ser  
de todos el querer mejor?  
Lo buscan unos sin hallar  
y lo encuentran otros sin buscar.*

A panera estalló de palmas y cacaradas y el qu'abrira a boca antes, agora tía la pechada, pos al ver qu'a contestación fora tan elegante, nun ye quedóu outra que tomalla a ben y acabóu ríndose él tamén. Al parar a música, as voces van subindo y al pouco nun s'oi más qu'el alegre murmullo das conversacióis que xurden adornadas col tintineo d'us vasos al convidarse y das risas d'us y outros. Antón, desde el sou posto tras da barra, refresca a os que queren tomar algo y ás veces pon un disco na vitrola pra qu'a música nun pare nin un momento. Él sempre dice qu'a súa vitrola sirve pra qu'os ánimos sigan de pé anque os amos se senten.

El descanso dura sempre lo qu'estiman os músicos, os cuales tein en conta tamén el ánimo del público, que tamén ten que descansar. Francisco para el tempo xusto pra conseguir esto y además mira de nun demorarse muito porque si non á xente cóstaye muito empezar a bailar nel segundo pase da orquesta. A min sempre me dice que ye gusta volver con úa peza que sea conocida, bailable y mui movida porque así nun s'atrance tanto a volver a bailar.

A segunda parte del baile aveza a ser más animada qu'a primeira, lo primeiro porque todos saben que falta menos pra que s'acabe y lo segundo porque os vasos van sumando y eso xa se nota. Outra cousa que se nota é a influencia del público nos mú-

sicos y viceversa, y eso en Villar sempre se nota pra ben: si a xente baila alegre y lo pasa ben, el instrumento del músico toca solo. Esa tarde todo salía a pedir de boca, a pesar de que tocaron muitas piezas novas, pero taban ben ensayadas y eso é lo que fai qu'al final el ruido acabe en música. As notas iban salindo úas tras d'outras como coyidas da mao, coyendo presión a medida qu'avanzaba a peza, mirando sempre de darye un final a cada úa d'ellas como se merece. Y pral final da función, a Francisco gústaye deixar el pasodoble que más ye gusta, al qu'empezóu chamándoye «Número 10» y qu'agora ye chama, desde fai casi veinte anos, «A Cantinera». Sacaron todos a correspondente partitura y, á de tres, empezaron todos al tempo que Alonso.

Él sempre dice qu'as cancióis que toca nos bailes son todas pral que las quira escuitar, menos ésta, que la toca pra disfrutalla él. Además, os que tán d'ouguir a Orquesta Alonso saben que, condó tocan esta peza, detrás nun quedan más. Antes de qu'a xente acabase d'aplaudir, Francisco xa tía el clarinete dormindo nel sou maletín y taba salindo polla porta. Aquel día Gervasio, Manuel y Alberto inda tuvieron humor pra seguir tocando un pedazo, pero Alonso marchóu tan someiro como chegara, pero muito más contento, pos bastóuye a cara da xente pra darse conta de qu'as pezas novas foran ben acoyidas y eso pra él é lo más importante: compoñer música pra fer feliz.

Villar, 2 d'agosto de 1947. 

\* Entre corchetes, úa espresión censurada na publicación orixinal.

# EL CANAL DOS MOROS

↓ Everardo Fernández González

*El conocido nel conceyo de Tapia col nome de «Canal dos Moros» descubríulo por primeira vez el estudioso mantarego José Antonio Labandera Campoamor, morto en Pontevedra hai pouco máis d'un ano y trido a enterrar al sou llugar de nacemento. Valia este recordo como homenaxe al sou llabor investigador.*

Con ese nome conocémos toda a vida el canal que fixeron os romanos condo explotaban as minas d'ouro de Salave y, agora que tuveron nel candeiro outra vez, é condo se m'ocurre falar algo d'aquella maravillosa obra. Resulta que desde mui rapacín tuven ouguindo de vez en condo cousas como esta: «Por allí pasaba el canal dos moros». Outro dicía: «Non, pasaba máis por baxo». «Nun pode ser», dicía outro, «¿nun ves qu'iba dar al fondo dos Cabenzos? ¿Cómo iba pasar por Piróis? Nun pode ser». Total, que nun había maneira de saber por únde pasaba y eu sempre tratando d'averiguar a ruta da dichosa presa que dicían que llevaba el auga pra llavar el mineral.

Un día faléi con úa persona de Tapia que me parecía algo enterada del tema y díxome que quen me podía informar era D. José Antonio Labandera Campoamor, natural de Mántaras, que fora el que fixera un estudio arqueolóxico mui detallado. Averiguéi a dirección del señor en cuestión y escribínye úa carta explicándoye as mías inquietudes sobre el trayecto del canal. Nun tardéi en recibir a información completa; non máis qu'el tempo que tardaron as cartas en ir y volver. Quedéi asombrado de todo lo que sabía, porque os papeles que me mandóu eran mui detallados, incluso con un plano. El artículo publicóuse en 1968, nel nº 63 del *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*.

Vou explicar de forma resumida a historia. D. José Antonio Labandera, nel brao de 1967, comprobóu sobre el tarrén a trayectoria, guiándose nel treito final polas cotas del mapa del Instituto Xeográfico y chegando á conclusión de que concorda cos restos que naquella fecha quedaban (hoi xa quedan menos). Nel ano 1977, Dña. Carmen Fernández Ochoa, acompañada por Dña. Pilar Llorente Guadalix, en base a os estudios feitos pol Sr. Labandera —y confirmados despóis pol inxeniero francés Claude Domergue, profesor da Universidad de Toulouse—, fixeron outra comprobación que s'asomeñou del todo al

que fixera D. José Antonio. Publicóuse en 1979, nel nº 96 del mesmo boletín.

Despóis de todas estas idas y vidas y de todos os estudios feitos por todas estas personas, chegamos al convencemento de que D. José Antonio Labandera foi el que descubrió y puxo á vista de todos os que tuvemos interés a ruta exacta del canal. Quizáis, se nun fora él, nunca chegaría a saber que precisamente pasaba por mui cerca da casa unde eu vivo que, ademáis, ten al pé el castro das Coronas, que d'eso tamén fala nel artículo.

El punto d'arranque del canal taba nel chamado Puente da Retorta, cerca de Llagar, apegado á carretera. Ten úa llargura de 20 kms, dous metros d'anchura, un desnivel de 2 x 1.000 y úa antigüedad aproximada de 2.000 anos. Según el inxeniero Schultz, el movimiento de terra pras minas foi de 4.000.000 de m<sup>3</sup> movidos a brazo polos trabayadores de turno y debéu tar en servicio us 500 anos. Pro nun era solamente llevar el auga pra llavar el mineral: tamén servía de transporte pra lleña y outras maderas que fían falta. Al parecer, como nun había dinamita, calentaban os penedos con fogueiras y despóis botábanyes auga fría pra que cuartiasen.

Coas ganas que tía eu de saber a ruta, aviséi a Baltasar da Roda y, col plano na mao, empezamos na Retorta y recorremos todo el trayecto hasta As Folgueiras. Coincidían os restos que quedan coa ruta del papel. Por Matafoyada axudóunos Faustino de Carbueiro. Todo el recorrido foi feito dentro del conceyo de Tapia, nun sendo en Cubiyedo, que se mete un pouco nel del Franco. Desgraciadamente, esta maravillosa obra ta desaparecendo. Cada vez quedan menos restos: muitos aprovecháronse pra camións, outros tapáronse pr'achanar el tarrén y fello productivo. Qué satisfacción sería verve hoi correr al auga. ¡Vaya traída sin necesidá de tubería!

Esto foi a grandes pasuadas lo que saquéi en consecuencia y nun quero que quede nel olvido. Gracias a D. José Antonio Labandera. Que Dios lo teña na súa gloria.



# ¡Taréi féndome veyo!



↓ Esteban Nogueiro Fernández

**iP** o zi, Amparo!, que diría ese calamar con pouca tinta. Dame a impresión que lo veo todo con daqué de señardá, pero con bon rolo... y cóntoche por qué.

Taba apoyao na baranda que mira hoi á Praya del Muro, aquel prao que se dicía qu'era de don Raúl y de nun se sabe quén más, que lo vían segar pa coyer el herba todos os anos, aunque nun había muita nin búa y a costa daba que pensar, así qu'osmábamos qu'a sega debía ser d'encarga. Baxada pronunciada desde el trasformador da luz (¡que mira que se ten incendio!); á dereta, un feixao d'artos rodiaos d'un gran muro al qu'había que subirse pa piyar as sabrosas amoras —maniobra esta peligrosa qu'a más d'ún ye costóu un disgusto (¡a mín, por exemplo!: dábanche tanto vinagre que tabas ulindo día y medio; ¡a ver quén lo negaba!)—, dalgúa lagartixa correndo despistada; á esquerda, A Fonte de Maleguas, con más mofo qu'auga y a canalización costa abaxo (agora al recordalo confeso que me dole que nun quedara nada d'aquelo, nin úa triste mención...). Había outra baxada principal camín alante, con úa costa abondo pronunciada y despós ben carreiríos repartidos por todos laos. Desde tabas nel medio del prao, dábatche a sensación de que tabas aislao del mundo, como flanquiao por montañas, y, encima, enfrente, tías un pedazo de muro imponente. Tirábaste nel prao, al abrigo del vento, ulindo a mar y a herba segada de pouco, escuitando as olas romper...

«El Murallón», así ye chamábase. Tamén tuvo de moda «El Rompeolas», y en días de marexada xugábase a ser homes cruzándolo a toda mecha, a poder ser sin moyarte. Se daqué s'enteraba, enseguida vían escorrerte. «¡Tais tolos! ¡Baxade d'ei!»

Peró... volvendo a lo noso...


Foi campo de fútbol improvisao en tardes gloriosas con Ángel de Lumín de porteiro y rompendo penedos. Primeira pista de «Snow-Cul» (poñer acento inglés), gracias ás pronunciadas costas d'herba, unde

era recomendable el uso de vaqueiros miyor qu'os de pana, que duraban pouco y andaban menos; este deporte evolucionóu y despós chamóuse «Snow-Carton» (idem acento). Cuas primeiras neveiras y lavadoras demos un gran salto. Fixemos as primeiras tripulacióis y además pistas novas pa todos os niveles, con muitas variantes como el más peligroso «Snow-Xachodixeneu» (sin comentarios). Al que nun ye fía nada de gracia esto del deporte era al que vía segar, que sempre nos escorría chamándonos de todo, berrando como un tolo... Inda ye fíamos algo de rabiar. Así que más p'alante volóu nun Can d'apellido Zon que metía medo, de raza payeirísimo, según nosoutros. ¡Qué pouco espírito olímpico tía este home!

Sin que naide lo cuidara, El Murallón foi perdeno pedras; primeiro pequenas, como avisando, pero eran muitas marexadas dando a cara sin axuda ningúna y un día ameicéu col primeiro furao...

El sito taba destinao a trunfar, así que púxose de moda ir tomar el sol, escuitando música, fumando cannabis, coyendo olas (se atopabas traba) y disfrutando dos primeiros biquinis —eso si, intentando que nun despertara el folgazán porque costaba abondo ferye el caxón na terra—, dos primeiros baños col auga xelada... y disimulando pra ver se se deitaba el mencionao. «¡Nun ta tan fría!; ¡é al meterse!».

Foi acampada romántica y veranega..., y camping improvisao nos primeiros campionatos de Surf (daba gusto ver el prao chen de xente nova que vía a Tapia arrastrada por este deporte y, más tarde, tamén pola festa: fíanos pensar que nun tabamos tan tolos). Escenario natural del «I Festival de Rock» que se fía na vila; albergóu Circos y incluso case s'abre un Disco-Bar...

Cumpríronse os piores presaxos y el furadín del principio fíxose furadón y acabóu cedendo un cachín, y outro, y outro más grande... y el prao iba deixándoye sito al arena y os xungos xa nun pinchaban... y cada vez era más praya que prao y... y... ¡Y nun hai tantos anos...! Digo eu... 

## Libros



### VENTO D'OUTONO

- Autor: Manuel García-Galano.
- Colección *Os Libros d'Entrambasaguas* nº 9, *Academia de la Lingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo*, 2005.
- 95 páxinas.

É un orguio prá nosoutros poder anunciar a edición d'este libro del noso colaborador máis constante, Manuel García-Galano. En *Vento d'outono*, como homenaxe y reconecemento al llabor lliterario del autor tapiego, xúntanse os ventuín artigos que ten publicaos en *ENTRAMBASAGUAS* nestos dez anos da revista. É úa búa oportunidade pra rellar pousadamente os contos, as reseñas, as conmemoracións, as biografías, os recordos que Galano foi brindando a os llectores ano tres ano y disfrutar del estilo tranquilo y con ese faraguyo d'humor que caracteriza a este escritor.

El libro presentouse nel acto de reconecemento feito en Tapia el día 1 d'abril y del que falamos máis alante.

### ACTAS DAS SEGUNDAS SESIÓIS D'ESTUDIO DEL OCCIDENTE. A CARIDÁ, 1 Y 2 D'ABRIL DE 2005

- Colección *Os Libros d'Entrambasaguas* nº 10, *Academia de la Lingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo*, 2006.
- 352 páxinas.

Xúntanse neste volume as vente comunicacións presentadas nas Segundas Sesióis d'Estudio del Occidente, xornadas das que xa demos

noticia pormenorizada na revista anterior. Sin repetir aquí todos os autores y títulos, pode dar úa idea del vario dos asuntos trataos recordar qu'hai comunicacións centradas en campos tan dispares como a filoloxía, a sociolingüística, a didáctica, a lexicografía, a mitoloxía, a etnografía, a xeografía, a lliteratura, el arquitectura, a música... Y todas tán referidas ás terras máis occidentales y escritas en gallego-asturiano. É, sin duda ningúna, úa aportación ben valiosa al conocimiento da cultura del Navia-Eo en xeneral y al cultivo da nosa fala en ámbitos qu'hasta nun hai muitos anos ye taban vedaos.




Estas *Actas* son úa demostración del dinamismo da xente del occidente y del interés qu'hai por este tipo de cuestións, ademáis d'amostrar tamén que temos muito que dicir sobre el que somos y el que queremos. El tono y el nivel llograo nas aportacións publicadas nestas *Actas* déixanlo ben claro y han a poder comproballo axina os llectores.

### RENGUILEIRAS

- Colección *Os Libros d'Entrambasaguas* nº 11, *Academia de la Lingua Asturiana - Secretaría Llingüística del Navia-Eo*, 2006.
- 92 páxinas.

Fain falta llibros na nosa fala pra os máis pequenos. Entrementes nun chegan, ben ta qu'os nenos y nenas axuden cuas súas creacións lliterarias y qu'estas vexan a lluz en libro. *Renguleiras* vén a amecerse a os xa publicaos antias na mesma colección, *Cousas de xente pequenía* y *Charamuzas*, qu'axuntan os relatos ganadores nel *Concurso de contos na nosa fala*. Este concurso, amañao pola Secretaría Llingüística pras escolas y



institutos que tein el asignatura de gallego-asturiano, xa chegou á súa quinta edición. Neste libro publicanse os relatos que levaron premio nos anos 2004 y 2005.

Á frescura y inxenuidá da lliteratura escrita polos máis novos hai qu'amecerye tamén a dos dibuxos a todo color qu'illustran el libro. Nun esqueizan os sous nomes porque d'aquí a us anos quizabes sían grandes escritores y escritoras na nosa fala.

### EL TRATO

- Autor: Francisco F. Arias Campoamor.
- *Asociación Cultural Rapalacoís, As Figueiras*, 2005.
- 59 páxinas.

Rescátase en volume el obra *El trato*, estrenada en 1926 nas Figueiras, da que xa déramos un avance na sección el «Houcha» (nº 20).

Francisco F. Arias Campoamor, el so autor, nun puido brindar máis creacións á tradición teatral del occidente porque morréu ben novo, con 28 anos, pero a súa obría vén a apurrir úa peza máis pra recompoñer esa historia tan desconocida pra os máis da lliteratura en gallego-asturiano.



Queremos dende aquí felicitar al asociación Rapalacóis por esta iniciativa que tamos na fe de que nun vai ser el última.

El obra presentóuse el 2 de xeneiro d'este ano nel Palacete Peñalba das Figueiras. Nel acto participaron el presidente del asociación Rapalacóis, el alcalde de Castropol, el editor del obra y úa fiya del sobrín del autor, Carlos Fernández Arias-Shelly —que facilitóu el manuscrito—, que lleu úa carta súa agradecendo el llabor feito pola asociación figueirola al rescatar del esqueicemento a Francisco F. Arias Campoamor.



### LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL NA PARROQUIA DE PRESNO (CASTROPOL)

- *Autora: María del Camen García García.*
- *Edición del autora, 2006.*
- *275 páxinas.*

El autora, filóloga y natural da Veiga dos Molíos, preséntanos os resultados del sou llabor recopilador por toda a parroquia castropoleña de Presno buscando contos, romances, cántigas, ditos... Das horas y horas de grabacións bríndanos a transcripción dos materiais ordenándolos en mitos y lendas, contos (d'animales, d'inxenio, maraviosos, d'oficios, d'homos tontos, de matrimonios, de curas, colorados, de Quevedo, de Franco, de santos, chistes y anécdotas, outros), romances (tradicionales, vulgares, de cego, cantos enumerativos), cancións, conxuros, oracións y responsos, adiviás, refráns y «dicíase». Al prólogo explicativo del obra acompañanlo el índiz d'informantes —nada menos que 33, de seguro que cuase toda a xente mayor da parroquia— y úa pequena bibliografía.

Trátase, al cabo, d'úa aportación fundamental á lliteratura oral en gallego-asturiano nun obra feita, ademáis, nesta mesma llingua. Hai que señalar qu'el llibro presentóuse nun acto na Casa da Cultura de Castropol el día 18 de febreiro. Ademáis del autora, tuvo presente el alcalde del conceyo y el director del Instituto de Tapia, Ignacio Vares, que foi el encargado de fer a presentación del obra.


### CUA LLUZ PRENDIDA

- *Autora: M.<sup>a</sup> José Fraga Suárez.*
- *Colección Xeira Narracións n<sup>o</sup> 4, Xeira, 2005.*
- *119 páxinas.*


M.<sup>a</sup> José Fraga xa ten publicaos dalgús contos en revistas como *Lliteratura* ou mesmo en *ENTRAMBASUGUAS*, ademáis de nel volume colectivo *Lletras novas* (2000). A narrativa na nosa fala ten pouco cultivado y el que se fexo hasta agora sigue úa llinia tradicional nas formas y nos contidos, agá escritores novos dos que temos abundas mostrás en números anteriores d'esta revista.

Fraga Suárez é úa das escritoras que ta abrindo el camín pra este tipo de narrativa máis contemporánea y qu'hasta, ás veces, podemos chamar experimental. *Cua lluz prendida* é a proba: dez contos, máis seis microrelatos baxo el título de «Nun pis-pás», amostan un manexo perfecto del léxico del gallego-asturiano al servicio d'úa prosa chía de suxerencias y sentidos novos que, como ben diz a contraportada del llibro, «ha ser completada por un receptor activo y inmerso nel xogo narrativo». Un llibro máis que recomendable que marca un antías y un despóis da narrativa eonaviega.

A presentación pública del obra féxose nel salón d'actos del instituto de Tapia el día 18 de marzo, na en-



trega del XV Premio Xeira de narracións curtias, y foi a filóloga Ruth González Rodríguez a encargada de presentalla.



### ¡XA CHEGAN OS QUIROTELVOS! GAITEIROS, CUARTETOS Y OUTROS MÚSICOS POPULARES NEL ESTREMO OCCIDENTAL D'ASTURIAS

- *Autor: Xosé Miguel Suárez Fernández.*
- *Colección Serie Etnográfica n<sup>o</sup> 5, Muséu del Pueblu d'Asturies, 2006.*
- *215 páxinas.*

Os Quirotelvos foron el primeiro cuarteto con gaita, clarinete, bombo y caxa que s'amañou en Asturias. El sou exemplo abríu úa estela de formacións aparecidas en toda a zona occidental: el autor, ademáis da dos Quirotelvos, reconstruye a historia de deciseite d'ellas. Son nomes como Os Quirolos, Os Ribanavia, Os Brisas del Navía, Os Penácaros, Os Ribeiros ou Os Vilanovas. Tamén se brinda nel llibro a biografía d'outros tantos gaiteiros y/ou constructores de gaitas anteriores ou simultáneos á moda dos cuartetos y quintetos.

En conto á metodoloxía seguida, nel obra combínanse as informacións obtidas col trabayo de campo nas entrevistas a músicos y a os sous descendentes, y os datos sacaos dos periódicos locales das primeiras décadas del siglo XX. D'este xeito pódense contrastar y situar nel tempo noticias que nel recordo dos familiares ás veces mézcranse ou confúndense. Hai que destacar el material fotográfico —sempre escaso nesos anos—, con retratos de dalgús dos gaiteiros y das máis das formacións, y el análisis organolóxico de dalgús gaitas veyas, gracias al constructor Carlos M. García.

## Artículos

• Publicóuse el terceiro volume del obra coordinada por Diego Méndez y Camilo López, *Tapia a través de sus calles*, unde participa el tamén tapiego Rafael Cascudo Noceda con un artículo ben amplo en gallego-asturiano: «Tapia, os xogos, as cayes». Nélfai un recorrido polos xogos infantiles que s'estilaban tradicionalmente nos conceyos máis occidentales d'Asturias.

• El nº 19 da revista *Asturies. Memoria encesa d'un país*, editada pola Fundación Belenos, tamén incluye entre os sous artículos ún na nosa fala: titúlase «*El Aldeano*, un periódico comarcal de vanguardia». El autor, Xabier F. Coronado, analiza el ideario qu'anímou a publicación castropoleña naquellos anos da Segunda Republica.

• El Muséu del Pueblu d'Asturies amañou en mayo del ano pasao úas xornadas sobre a gaita asturiana unde houbo presencia d'investigadores da zona occidental. Nas actas que s'acaban de publicar, col título de *La gaita asturiana. Xornaes d'estudiu*, pódense ver dous artículos na nosa fala. El primeiro, «A gaita d'occidente», é obra de David González Iglesias, del asociación Arcángel San Miguel da Caridá. El outro, «Gaitas y gaiteiros nel extremo occidental d'Asturias», é de Xosé Miguel Suárez Fernández.

## Lliteratura

• El Academia de la Llingua Asturiana presentou nel mes de mayo dúas revistas lliterarias unde a lliteratura na nosa fala ten presencia y, ademáis, escrita por mueres. A primeira é a revista *Lliteratura*, que nel sou nº 23 dá a conocer cuatro poemas d'úa voz nova da poesía en gallego-asturiano: Marisa López Diz. Nel número lliterario especial da revista *Lletres Asturianas*, nº 92, dedicao al Día das Lletras Asturianas, publícanse poemas de M.<sup>a</sup> José Fraga Suárez y d'Aurora García Rivas, ademáis d'un conto d'esta última, «A outra metá da noite».

• El Asociación d'Amigos d'Antonio Raymundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos, acaba de publicar un volume cos relatos da cuarta edición del premio lliterario que convocan todos os anos. Entre os ganadores y seleccionaos hai contos escritos en gallego-asturiano. En categoría d'adultos, na opción «locales», el primeiro pre-

mio llevóulo el taramundés Alberto Calvín Corredoira con «A pobre da pobre», autor que tamén ganou el terceiro premio con «O soldado que marcaba fuerte o paso». El segundo premio foi prá samartiega Lucía Iglesias Gómez, con «A chamada das campás». Entre os seleccionaos d'esta categoría hai tamén ben contos na nosa fala: «Cuentos del camín», de M.<sup>a</sup> Amparo Fernández Pérez, «As confesiois», de Sofía Caraduje Pérez, «Coel corazón encollido», d'Inés Álvarez García, «Úa pedra nel camín», de M.<sup>a</sup> Hortensia García Braña, «El desterro da Veiga dos Cortellos», de Sergio Martínez Martínez, «Jaime y as súas peripecias», de Rocío Lombán Mastache, «As mulleres na zona rural», de M.<sup>a</sup> Alicia Pérez Iglesias, y «Camín interior», de Fredo de Carbexa.

## Discos

• Nel primeiro disco del trío de folk Tuenda, unde se fai un recorrido pol folclore de toda a xeografía asturiana, hai dúas cántigas qu'el cantante del grupo, «Ambás», recoyóu nel Valledor d'Allande. A primeira é «El Rosco», con cuartetos en gallego-asturiano que se cantaban al mantiar nas bodas un rosco de pan que despóis se partía cos convidaos. A segunda é úa versión del romance clásico de «Geri-neldo».

• En *Dual*, primeiro disco del dúo formao por Ígor Medio y Lisardo Prieto, compoñentes tamén del grupo Felpeyu, hai sito pra úa cántiga en gallego-asturiano, «Penouta», con lletra de Xosé Miguel Suárez Fernández y música tradicional amañada por ellos a partir d'úa xerandiya recoyida nel Cancioneiro de Torner. Por desgracia, temos que llamentar a morte d'Igor Medio, ademáis da del sou compañeiro Carlos Redondo, nun accidente de carretera en Álava, condo iban col grupo Felpeyu camín d'un concerto.

## Homenaxe


El sábado 1 d'abril féxose en Tapia úa xornada en reconocimiento al llabor artístico y lliterario del escritor tapiego Manuel García-Galano. Era úa idea compartida entre personas y asociaciois del occidente a necesidá de reconocer públicamente y agradecer el sou trabayo a este veterano autor de teatro na nosa fala. A Secretaría Llingüística del Navia-Eo axina se puxo a trabayar nel proyecto



d'emparzao col Conceyo de Tapia, el asociación Xeira y dalgúas personas y colectivos tapiegos.

El sábado pola mañá, nel Instituto de Tapia, féxose un acto de reconocimiento a Manuel García-Galano unde se presentou el sou llibro *Vento d'outono* y unde participaron autoridades y amigos. Nel mesmo acto el alcalde anuncióu el sou nomamento como fiyo predilecto de Tapia —ademáis de conceder esa mesma distinción a título póstumo al sou compañeiro y amigo Jacinto Díaz—. Manuel García-Galano, mui emocionao, agradecéu a todos os presentes el sou afecto. Fora suaron as gaitas da banda Marino-tapiega.

De tarde houbo actuaciois en honor al Galano núa carpa posta pral ocasión. A Coral Polifónica de Tapia, a rondalla Brisas Tapiegas, el grupo folk Ayalga, y os grupos de teatro «Ameicer» de Tapia y «Pico de Faroda Roda», brindaron a Manolo Galano as súas actuaciois pr'amostrare el aprecio que ye tein y el agradecemento de todos ellos pol llabor de tantos anos animando actividades teatrales, musicales y lliterarias en Tapia. Como complemento á tarde, entremedias das actuaciois, nenos y nenos da escola y del instituto de Tapia lleron fragmentos d'artículos del escritor tapiego.



## Premio Xeira

Como xa dixemos máis enriba, el 18 de marzo entregóuse en Tapia, nel salón d'actos del Instituto «Marqués de Casarego», el XV Premio Xeira de narracións curtias. El ganador foi Ricardo Saavedra Fernández-Combarro, col conto «As partixas». Ademáis da presentación xa dita del libro *Cua luz prendida*, de M.<sup>a</sup> José Fraga, houbo el actuación de dous grupos folk, Dual y Tuenda, qu'amañaron úa actuación especial pra ese día con cántigas da zona.

Tamén s'aproveitou el acto pr'aunciar a convocatoria del XVI Premio Xeira de narracións curtias. As bases siguen sendo as de sempre: as narracións teinse que mandar por cuadruplica nun sobre sin remite a XEIRA, apartado nº 5, 33750 A Caridá (El Franco). Dentro del sobre hai que meter outro, zarrao, cuas señas del autor ou autora dentro. Recordamos a quen tía interesao en participar qu'el premio é de 500 euros y qu'el prazo pra presentar as obras acaba el 15 d'outubre de 2006.



## Comunicacións

Nel XI Alcuentre Internacional «Llingua Minoritaria y Educación», organizado pol Academia de la Llingua Asturiana y el Centro de Profesores y Recursos d'Uviéu, qu'enguano taba dedicao a os recursos y estratexas didácticas, participóu con úa comunicación a filóloga franquía Ruth González Rodríguez, profesora de gallego-asturiano nel Instituto Galileo Galilei de Navia. Foi el día 31 de marzo y titulábase «As isoglosas nel Navia-Eo: recurso metodolóxico nas clases de fala». Condo se publiquen as actas del encontro imos a dar referencia nesta sección.

A mesma estudiosa, d'emparzao col tamén filólogo Ricardo Saavedra, presentóu el 9 de mayo d'este ano outra comunicación nel I Congreso Internacional de Filología Hispánica «Jóvenes Investigadores» titulada «Aproximación pragmática a la descripción y categorización de una lengua: la Fala del Navia-Eo». Tamén aguardamos con interés a súa publicación pol que ten qu'aportar á metodoloxía tradicional sobre as clasificacións llingüísticas.

## Normalización social

• A Secretaría Llingüística del Navia-Eo, en colaboración col asociación cultural Xeira, amañóu al llargo d'este inverno pasao un curso d'alfabetización d'adultos en gallego-asturiano nel llugar de San Xuyán (El Franco). A experiencia xa principiara con un curso aparecido feito en Tapia nel ano 2005, pero d'esta volta a novedá taba nel público al qu'iba dirixido: xente del medio rural. Dez alumnos acudiron regularmente ás 36 horas de clases, que se tuveron que fer de noite, desque s'acababan os llabores del gao. A profesora, Ruth González, deuyes as nocións básicas pra escribir a llingua que falan todos os días, ademáis de tocar aspectos de tipo sociolingüístico y cultural. El acto d'inauguración del curso, feito el 15 de xeneiro, cuntóu cua presencia del académico encargao da Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Xosé Antón González Riaño.



• Bombeiros d'Asturias presentóu a súa mascota, el oso Perico, pensada pra concienciar a os máis pequenos del peligro que representa el llume nos nosos montes. Pra eso editóu a primeira entrega d'un cómic que lo ten a él de protagonista: *Aventuras de Perico*. Fixéronse tres versións: en castellano, en asturiano y na nosa fala. Tamén nas tres llinguas, el Axencia Asturiana de Cooperación al Desarrollo editóu pra este ano 2006 úa axenda dietario y un calendario de parede.




• El Instituto Asturiano de Prevención de Resgos Llaborales —que, como as dúas entidades anteriores, depende da Consellería de Xusticia, Seguraza Pública y Relacións Esteriores— fexo por toda Asturias campañas pra fomentar as medidas de seguraza nel trabayo. Pra os conceyos máis occidentales houbo úa campaña basada en lletreros publicitarios na entrada de dalguías villas. Houbo úa versión en gallego-asturiano, col eslogan de «Cuida da túa vida. Cuida das súas vidas».



• El Conceyo del Franco estrenóu col ano 2006 os resultados del sou plan de rotulación municipal, que s'acoyeu ás subvencións a entidades locales pra normalización del gallego-asturiano. Camín das corenta cayes, prazas y avenidas, ademáis de dalgús edificios municipales, entre ellos el Conceyo, estrenaron placas con úa denominación bilingüe. Dende agora, os vecíos han a poder pasiar por sitios rotulados como «Praza d'España», «Avenida d'Asturias», «As Quintas», «A Fonte» ou «A Pasadía», ou acudir a dependencias municipales como el «Conceyo del Franco», el «Consultorio Médico Veyo da Caridá» ou a «Pousada de Pelegríos».

• Editao por Xeira, volvióu salir pra este ano 2006 un calendario de mao cos nomes dos meses na súa forma tradicional. El motivo reproduc úa ventá d'úa casa tradicional da marina del occidente.

## Festival de poesía



El venres 21 d'abril a tertulia cultural Poegía organizou na Casa da Cultura da Veiga el sou *III Festival da poesía en gallego-asturiano* en colaboración cúa Conceyalía de Cultura del concello veigués. Participaron Aurora García Rivas, Fredo de Carbeix, Xosé Miguel Suárez y a escritora veigués Belén Rico Prieto, ademais da pianista Elena López Sampedro



## Internet

- «Fiyos de Nicer» ([fiyosdenicer.bitacoras.com](http://fiyosdenicer.bitacoras.com)) é úa páxina web nova na nosa fala. El nome recorda al príncipe dos albiós del que fala a famosa inscrición romana atopada na Corredoira (A Veiga). A páxina brinda noticias relacionadas cúa zona eonaviega, ademais d'enlaces con outras páxinas del occidente. Tamén é interesante visitar [patarroxa.blogspot.com](http://patarroxa.blogspot.com), páxina personal d'un rapaz d'Arbores (El Franco), Daniel Díaz, unde publica cousas tanto na fala como en castellano.
- Despóis d'un tempo inactiva, volve tar en funcionamento a páxina web

del asociación cultural Xeira ([xeira.org](http://xeira.org)), actualizada y con máis contidos: novas, publicacións de Xeira tanto en poesía como en narrativa, bibliografía en y sobre el gallego-asturiano, información das súas actividades, etc.

## Día das Letras Asturianas

El venres 5 de mayo festexouse el que xa é XXVII Día das Letras Asturianas. El acto institucional del Academia de la Llingua Asturiana, feito nel Teatro Filarmónica d'Uviéu, tuvo pral occidente asturiano un significado especial: na súa sesión extraordinaria nomóuse académico d'honor al tapiego Manuel García-Galano. Despóis d'us meses chíos d'emoções pra este escritor veterano —xa demos nesta sección noticia del sou último libro y del homenaxe que recibíu en Tapia—, este nomamento puxo el ramo a úa trayectoria vital dedicada á música y á lliteratura. Estas foron as súas palabras al recibir a distinción:

«Condo inda ben nun acabé de repoñerme da sorpresa que me deu a Sra. Presidenta da Academia al apurrirme personalmente —tuvo el atención de felo— a comunicación del acordo da institución de propoñerme membro d'honor, aquí me tedes, subido a este escenario —cousa que nun tou avezado a fer—, sin saber muito ben por únde vou a xurdir.

Dícenme —xa lo ouguistes— qu'a proposta vén dada pra reconocerme el labor que levo feito pola literatura escrita en gallego-asturiano.

Pra os que nun me concedes —que seredes os máis—, deixádeme dicirvos qu'a mía obra literaria escrita é pequena; pequena y que sempre me pinta froxa por máis que ma chufen ás veces, aunque chía d'afeuto pola nosa cultura tradicional, polas nosas reices y pola que nosoutros chamamos *a nosa fala*.

En min nun toparedes nomáis qu'a un curioso, un falante a verdá é que chen de voluntá —qu'esa sí que nun ten fronteiras—. Agayado por ela, y vendo, esmolido, cómo a nosa fala iba bastardiando, deume por empezar a recoyer vocabulario del lugar unde nacín, A Roda, col propósito de que nun se perdesen aquelas palabras —*esbarar*, *abenzuar*, *escotrellar*...— qu'a min me suaban tan ben. Tou falándovos d'hai corenta anos, máis ou menos.

Al tempo qu'enfeixaba palabras —porque é el que fía, enfeixalas—, condo tía vagar iba emborranchando

montóis de foyas, sin pensar qu'aquelo merecería miyor camín, como muito, qu'el d'enseñalo a os máis achegados, a poucos. Y así foi cómo, por acio d'un fiyo, viron a luz os relatos axuntados col título de *Parzamiques*. Era el ano 1984.

Xa levaba eu daquela algún tempo escribindo sainetes, que nun eran nin son outra cousa que pasaxes da vida da xente d'alí, feitos —xa lo dixen muitas veces— sin ningún pretensión de proyección pra fora, sinón cúa mira d'entreter, representalos con un peteiro d'aficionados y axudar así al miyor lucimiento das festas patronales tapiegas.

Y el qu'empezamos fendo un pouco de garipola nel ano 79, foi tanto el agayo que recibimos da xente, que despóis del primeiro sainete veron outro y outro, y así botamos quince anos máis ou menos. A publicación dos *Parzamiques* —aunque chegasen a mui pouca xente—, xunto ás noticias qu'a prensa iba dando das representacións dos meus sainetes, fixeron pra min lo que me parecíu cuase un milagre: sin esperalo, nin muito menos buscalo, empezaron a abrírseme portas sin necesidá d'especheirar —cousa que nun sei fer— y a asociación Xeira —que tan bon labor ta fendo pola nosa fala— publicábame úa segunda edición dos primeiros *Parzamiques*, al tempo qu'a Conseyeiría de Cultura alumaba os meus primeiros once sainetes axuntados col título de *Mareaxes tapiegas*. Eran os empezos dos anos noventa.

Peró qu'a min, en lo personal, se m'abrisen portas, se me publicasen as mías cousas, y que xa nun me topase tan solo, era el de menos. El de máis, pra os meus veres, era qu'eu, que vivira tan achegado al panorama esmorecido da nosa cultura tradicional —concretamente da nosa fala—, eu que tuvera qu'ouguir máis d'úa vez aquilo de «jides a falaryes castellano a os nenos, ho!», a nova situación parecíame como un ameicer pra qu'el paisaxe reverdegara un pouco.

Y penso que lo era. Ei tan, si non —atayando muito pr'acabar axina— os concursos de relatos en gallego-asturiano qu'a asociación Xeira fai todos os anos, ademais d'outras publicacións, y el gran axuda —entre outras ben conocidas— qu'esta Academia da Llingua vén apurrindo dende hai dez anos cúa publicación da revista *Entrambasauguas*, cousa que na mía acordanza nunca se vira: úa publicación periódica na nosa fala.

Nun me corresponde a min, nin pretendo felo, determe en máis pormenores de cómo foron sucedendo as cousas, nin noutras particularida-

des da fala: sería meterme núa poceira.

Nomáis quero, dende a ventá d'un simple observador, dicir lo esperanzador qu'el ver qu'a fala mantén a súa vitalidá, penso que ganou en prestixio, y que seguimos, como sempre, comunicándonos entre nosoutros con normalidá —a lo menos nun bon porcentaxe—, pero sin que nai-de faga de menos a nai-de por falar d'un xeito ou d'outro; que muitos nenos van ás clases de galego-asturiano sin qu'os padres los couten, y que todo elo demostra un espertar hacia a consideración de lo noso que, anque nun seña pra poñer as campás a suar —que tampouco lo é—, visto dende os veyos recordos meus, sí é pra crer qu'as cousas miyoraron moito.

Y acabo por unde tía qu'empezar: dando as gracias á Academia por este honor que me fai, que tanto m'encuruma, y pral que, por moito que reveire na mía cachola, nun topo méritos abondos; y dicindo que, ademáis de lo que supón personalmente pra min —qu' é moito—, quero ver tamén nelo úa confirmación da voluntá da Academia de nun deixar el camín que leva dende hai us anos nel esforzo d'axudar a prestixiar a nosa fala y que tanto ye agradecemos. Eu seguiréi mentres poda poñendo el meu agayo nese mesmo propósito.

Máis nada. Moitas gracias outra vez y gracias tamén a todos vosoutros pola paciencia d'escuitarme.

Nel discurso institucional da Presidenta del Academia, Ana M.<sup>a</sup> Cano González, tamén houbo palabras na nosa fala y referencias á realidá eonaviega que reproducimos aquí:

«Como xa é avezo dende ha tempo, na Xunta Extraordinaria del Día das Lletras acoyemos a os novos académicos. Neste caso a Institución recibe como membro d'Honor a Manuel García-Galano, que dedicou —y einda dedica— toda úa vida á lingua y á cultura del territorio máis occidental d'Asturias, el territorio d'Entrambasaugas. Nel queremos simbolizar ademáis el homenaxe a os autores das lletras de noso.

Nun é este el momento de trazar úa semblanza detallada nin da súa vida nin da súa obra, pero nun podó deixar de recordar os moitos y bus frutos que deu y dá nel campo da música, da recoyida del léxico eonaviego ou da creación lliteraria. El Galano, como nos presta chamallo, é autor de contos y de relatos curtios, pero sobre todo é un home de teatro, de teatro popular, da xente y prá xente. Nesta estaxa fexo cuase de todo. Foi actor, director del grupo

Ameicer, coautor ou autor de mui ben obras teatrales representadas sempre con moito éxito.

El Academia publicou nel ano 2000 el libro *Erguendo el telón* unde s'incluyen as últimas cinco obras estrenadas pol Galano. Dende a creación da revista *Entrambasaugas*, nel ano 1996, el noso autor axuda nella con contos y artículos de todas as menas, qu'a Institución recoyóu hai ben pouco nel libro *Vento d'outono*.



Axuntamos este nomamento al del veigueño José Antonio Fernández Vior, nel ano 2003, como académico correspondente; y é señal, outra vez, del compromiso inequívoco del Academia col asturianidá dos conceyos máis occidentales d'Asturias; y, sobre todo, cua xente y as institucións que trabayan pola conservación y dignificación da súa lingua y da súa cultura; personas y institucións, todas ellas, que, sin duda, atopan un referente, un espeyo unde mirarse, na trayectoria vital y nel trabayo da persona qu'hoi entra nesta Academia.

Gracias, querido Galano, pol tou llabor, por aceptar xuntarte a nosoutros. Aguardamos, de verdá, que t'atopes.

El compromisu institucional col Navia-Eo apóyase nel mandato dos propios estatutos de velar polos dretos llingüísticos de todos os astu-

rianos y asturianas y, de xeito espreso, os dos falantes del gallego-asturiano; y atopa calce d'espresión por medio da Secretaría Llingüística del Navia-Eo dende a qu'el Academia atende, dentro das súas posibilidaes, todo el proceso de dignificación y recuperación llingüística y cultural d'esa zona. Con ese afán, el ALLA publica a revista *Entrambasaugas*; edita materiales educativos; fai un seguimiento da escolarización da fala; atende á formación del profesora; amaña cursos d'alfabetización d'adultos, campañas de normalización ou xornadas d'estudio.

Asina, y namáis como exemplo, el Academia acaba de publicar el volume *Actas das Segundas Sesións d'Estudio del Occidente* amañadas na Caridá en abril de 2005 y que constituín el estudio actual máis rigoroso sobre as terras del Navia-Eo; y ten ben avanza un informe sobre a súa realidá llingüística, sociolingüística y cultural que rompe tópicos interesantes, manexaos pol expansionismo de determinaos sectores del nacionalismo gallego, cegos pra entenderen esta realidá llingüística, social y cultural.

Nun quero deixar d'atesar, outra vez, qu'el Academia entende el eonaviego como a lingua propia d'ese territorio, unde haberá de ser oficial al tempo que lo sía el asturiano en toda Asturias; y qu'examáis ha renunciar al asturianidá dos conceyos nel situao.

Einda máis, el Academia sabe ben, neste sentido, que dalgús sectores minoritarios asturianos ou, miyor, dalgús asturianos tarían dispuestos a asumir a galleguización llingüística y cultural del territorio d'Entrambasaugas como tributo a pagar pra llograr úa hipotética oficialidá da lingua asturiana. Pois ben, damos aquí anuncio solemne de qu'estas posturas y os sous patrocinadores han a ternos sempre radicalmente en contra y qu'el Academia sempre ha entender a Asturias como úa unidá histórica, social, política y cultural incuestionable.

Pola súa parte, a Consejería de Cultura dedicóu esta edición da Semana das Lletras Asturianas al teatro. Entre as representacións qu'houbó por toda Asturias, cuatro fixéronse na nosa fala: el día 2 de mayo, na Veiga, *Informe pra úa Academia* de Franz Kafka, por Bacanal Teatro; el día 5, na Caridá, *El cesto de Xan*, de Jesús Álvarez, pola Asociación Juan M. Méndez; y el día 6, en Grandas, *Vénos el americano*, de Manuel García-Galano, pol grupo Pico de Faro da Roda, y en Bual, *Úa de romanos*, de Manuel Núñez, pol grupo bualés Penedo Aballón.



**D'** esta volta, as nosas páxinas ocúpanlas os nenos y nenas del CRA Ría del Eo que van al asignatura de gallego-asturiano. Son dúas as escolas que la tein: a d'Abres, nel conceyo da Veiga, y a escolía d'Obanza, na montaña del conceyo de Castropol. Os d'Abres cúntannos el que queren ser de mayores y os d'Obanza fá-lannos d'ellos, da súa familia y da súa casa. Aquí tedes el qu'escribiron dalgús d'ellos, os dibuxos que pintaron y, el qu'é miyor, as súas fotos.




Na mía casa...

**S**on Leticia y vivo en Obanza. Na mía casa somos cinco: meu padre, mía madre, meu ermao, mía bola y eu. Teño cuatro primos que se chaman Ricardo, Laura, Javier y David. Viven nos Niseiros y nel Vale. Mías bolas viven, úa nos Niseiros y outra en Obanza. Chámanse Inés y Ofelia y tein cuatro netos.

Na casa teño dous cais que se chaman Quique y Trosqui. Tamén hai cabalos, vacas, pitas, pitos...

Leticia, 3º




**S**on Javier y vivo nel Castro. Na mía casa somos cinco: meu padre, mía madre, mía bola, meu bolo y eu. Teño tres primos y chámanse Sonia, Adrián y Marcos. Viven nel Vale y en Brañalibrel. Meus bolos viven nel Castro y en Montavaro.

Na mía casa teño un can que se chama Tazán. Tamén hai conexos, pavos, cabalos, vacas, pitas...

Javier, 1º

## ¿Qué queres ser de maior?



**D**e maior quero ser médica. Nese traballo cúrase á xente y o máis importante é estudar. Pra trabayar neso teño qu'estudiar muito e vou trabayar cinco horas ó día. Penso ganar 900 euros ó mes e ter tres meses de vacacióis.

*Vanesa, 5º*



**D**e maior quero ser futbolista do Fútbol Club Barcelona. Neste trabayo o máis importante é participar e teño que prepararme entrenando. Conto traballar dúas horas e dez minutos ó día, ganar 2.000 euros e ter 15 días de vacacióis.

*Alex, 4º*




**D**e maior quero ser policía. Un policía colle a os ladróis. Pra ser policía teño que pasar unha proba. Vou trabayar 17 horas ó día e conto ganar 200 euros ó mes, e ter tres días de vacacióis.

*Brais, 2º*



**D**e maior quero ser médica. Neste traballo o máis importante é estudar e penso prepararme estudiando. Vou ganar 1.000 euros ó mes e ter dous meses de vacacióis.

*María, 3º*



**D**e maior quero ser técnico especialista d'emergencias sanitarias. Neste traballo o que se fai é curar á xente, y o máis importante é que che guste o trabayo e ter ganas. Teño que prepararme estudiando unha carreira. Penso traballar 24 horas un día e librar dous. Conto ganar 1.250 euros ó mes e ter 15 días de vacacióis.

*Daniel, 6º*

# ANA VIOR DÍAZ,

## *unha poetisa de Lantoiira*

↓ Eva Rico Ventoso

*A música folk nel occidente ta empezando a andar nestos últimos anos y xa hai dalgús grupos que tán dando os primeiros pasos. Un d'estos grupos é Darbukka que, entre outras cántigas, pon música a poesías d'úa castropoleña que viviu búa parte da súa vida na Veiga. É precisamente úa neta súa a que musicou esos versos y a que nos presenta agora a figura d'Anita Vior, úa poetisa popular, úa muyer qu'escribiu cousas na nosa fala núas décadas en que nun era habitual qu'úa muyer nacida nel medio rural tivera esas inquietudes y yes dese salida en forma de versos.*

**A**na Vior Díaz nacéu en Lantoiira (Castropol) el 9 de novembre de 1920 e viviu alí hasta el 26 de decembre de 1940, ano en que se casou e s'instalou na Veiga, unde viu pasar a vida.


Desde nena gustábaye escribir poemas e relatos. Perdéu muitos, porque nun tía cuidao de guardalos. El máis veyo que temos é de condo ela contaba 15 anos.

Nel mesmo momento nel que se veu prá Veiga comenzou a involucrase nas actividades da vila: Asociación das Amas de Casa, Comisióis de Festas, Semanas Culturales da escola... Foi unha persona conocida na Veiga pol sou labor y colaboración desin-

teresada en todo tipo d'actos. Foi tamén pregonera das Festas, da Cabalgata... Sempre recitaba fose cual fose el acontecemento.

Cos seus once netos compartía un ir e vir a todas as excursióis e festas, sempre de «abola marchosa».

As tardes d'inverno era condo escribía muito máis. Valíaye calquer papelín qu'atopara pra escribir os versos que brotaban de pronto na súa cabeza. A mayoría dos seus poemas tán escritos en castellano. Sin embargo, ela dispoñía de gran facilitá pra escribirlos en galego-asturiano, porque esta é a fala qu'aprendera desde pequena.

A vena poética mantúvose na familia y unha das súas netas sigue os seus pasos. 

### NOITE DE SAN XUAN

Noite de San Xuan:  
noite escura y clara  
unde sempre hai  
risas y encontradas.

Facendo trashedas  
unhos mozos van:  
¡Manolín, recoye el carro,  
que cho van levar!

Noite de San Xuan:  
meigas, bruxas y trasnos  
nunha fogueira tán  
escondidos escuitando.

As nenas poin al sereno  
rosas moyadas en agua:  
dícen qu'el agua de rosas  
déixayes a cara guapa.

Noite de San Xuan:  
esta noite ten maxia.  
Ponte a bailar xunto al lume  
a nosa danza.



### CANCIÓN DE CUNA

Quixera ter el canto  
del más bello querubín  
pra cantarye á mía nena  
qu'hoi nun se quere dormir.

Nun chores, nena mía,  
qu'a lúa lougo sale  
y ta velándoches el sono  
con ternura túa madre.

Cuatro anxelíos te cuidan  
mentras che canto esta añada.  
Dúrmete, tesouro meu,  
que xa chega a madrugada.

Reló, nun marques más horas,  
nun quero oír ningún ruido,  
qu'a pequenía da casa  
esta noite ta dormindo.

Ana Vior Díaz

Esto del «fubol» xa é veyo. El retrato que topéi del Salave F.C. (Tapia) debe tar feito nel Campo das Augaceiras d'entonces, antes da guerra, lo que se sabe porque el porteiro, Diego del Murcho, nun volvéu máis a Salave. Debéu de ferse el retrato nel verao de 1935 y digo del verao porque era condo había vagar pra xogos y deportes. Os días eran llargos y el campo taba seco (pénsese nel nome del campo, Augaceiras).

Esto del «fubol» tardóu en preocupar al personal culto y progresista da zona, como pode verse nas publicacióis d'aquel tempo. Por exemplo, *El Aldeano* de Castropol nun fala d'él hasta el ano 1932.

Nel 1933 inauguróuse el campo de fútbol das Augaceiras con un partido entre el Salave y el equipo das Figueiras. Na fotografía pode verse que naquel tempo gastábase a pucha y el pano entre os xugadores y qu'as botas parecían galochos. Os porteiros eran os máis aplaudidos, y tamén os defensas condo daban patadúas defensivas. Pra entonces, Ronaldinho pouco tería que fer. Se el balón iba alto y llonxe, meyor. Díciase que chegaba a Os Calostros, qu'é el monte que ta despós da porteiría de baxo. Tamén había «estranxeiros» pra reforzar el equipo en partidos importantes.

Nel retrato ta Andrés del Coteiro, de Mántaras, pero tamén vían de Ribadeo Cubelo y Parrulo.

Cubelo tuvera fichado pol Aviación de Madrid y xugara nel Lucense.

Un ano arbitróu nas Augaceiras Escartín y houbo que compraye úas alparagatas arxentinas das que tían úa badana pollas veiras y que costióu a comisión das festas da Porteiría; qué pensades...

---

↓ Rafael López Cancio





Secretaría Llingüística del Navia-Eo

INXERTA NA ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA



GOBIERNU DEL  
PRINCIPÁU D'ASTURIAS